

REPRESENTACIÓNS ICONOGRÁFICAS DO APÓSTOLO SANTIAGO NA VILA EUMESA

José Fonte Sardiña

*A Conchita Martínez, que trouxo a Ana
a Pontedeume e à miña vida*

1. A VIDA, PAIXÓN E MORTE DE SANTIAGO NO MUNDO DA CULTURA E A ARTE

A chamada que Xesús Cristo lles fixo aos seus catro primeiros discípulos –Pedro, Andrés, Santiago e Xoán– no lago Xenesaret, a misión encargada aos apóstolos de evanxelizaren ata o último confin da terra –a Santiago, segundo a tradición, tocoulle vir predicar ao *finis terrae*, na Península Ibérica–, o martirio por decapitación do apóstolo Santiago en Xerusalén, a *translatio* polos discípulos Teodoro e Atanasio do seu corpo morto desde o porto de Jaffa ata o de Iria –polo mar Mediterráneo, o océano Atlántico e os ríos Ulla e Sar–, a *inventio* dos seus sagrados restos no bosque Libredón polo eremita Paio e o bispo Teodomiro de Iria (¿810?-847) e a consolidación da emerxente cidade de Compostela como un dos tres principais centros de peregrinación da cristiandade a través dos Camiños de Santiago desde o século IX, xunto con Roma –onde está enterrado o apóstolo Pedro e ten a súa sé a Igrexa católica– e Xerusalén –a chamada Terra Santa na que se desenvolveron a vida, paixón e morte de Xesús– están amplamente documentados en abondosos textos literarios e nas ricas representacións iconográficas na arquitectura, escultura, pintura e diversas artes gráficas, sobre todo desde o Románico ata os nosos días.

As lendas populares transmitidas de xeración en xeración tamén falan da presenza de Santiago predicando en terras de Lleida, onde se lle apareceron uns anxos cuns faroliños para que puidese extraer de noite a espiña que se lle cravara nun pé, da aparición da Virxe nun piar na beira do río Ebro en Zaragoza ou da visita que a Nai de Deus lle fixo en Muxía nun barco chegado polo océano Atlántico¹, representado pola Pedra de Abalar partida hai dous anos por mor dun temporal despois do cruel incendio do vello santuario só unha semana antes.

No tocante aos textos literarios, ademais dos relatos dos evanxelistas Mateo, Marcos, Lucas e Xoán e dos *Feitos dos Apóstolos*, cómpre destacar dúas xoias

1. Cf. FONTE SARDIÑA, J.: *Tradición xacobeá en Pontedeume, una vila medieval no Camiño Inglés cara a Santiago de Compostela*, “Cátedra”, 20, Pontedeume, 2013, p. 204.

bibliográficas mandadas redactar en lingua latina na nosa terra galega por iniciativa de Diego Xelmírez (1120-1140), o primeiro arcebispo da arquidiocese de Santiago de Compostela, o *Códice Calixtino*, tan de actualidade desde que foi roubado da catedral e felizmente recuperado, e a talvez menos coñecida pero igualmente importante *Historia Compostelá*, que tan decisivamente contribuíron a difundir a lendaria vida do Apóstolo e favoreceron as peregrinacións polos Camiños de Santiago para venerar os seus restos mortais no seu santuario. A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo realizou, con gran ledicia para nós, unha edición en galego do *Códice Calixtino* no ano 2009², pero seguimos clamando no deserto por unha versión na nosa lingua da *Historia Compostelá*, que si temos en castelán³. Dos textos bíblicos existe, entre outras, unha excelente tradución galega dos orixinais en grego⁴.

No Obradoiro, sen dúbida a praza máis europeísta e se cadra a máis fermosa do mundo, aos pés do pazo neoclásico que o arcebispo eumés Bartolomé Rajoy (1751-1772) mandou construír e que leva gravado no seu frontispicio o nome da súa vila natal, pode contemplarse, ao meu ver, a mellor representación arquitectónica apoloxética da peregrinación polos Camiños de Santiago onda o sepulcro apostólico. A fachada occidental e principal da *Domus Iacobi*, é dicir, da catedral compostelá, realizada por Casas Novoa e Ferro Caaveiro entre 1738 e 1750, é unha auténtica apoteose barroca e xacobeá.


Preside o corpo central a imaxe de Santiago peregrino, que porta na súa man dereita o bordón coa cabaza e na esquerda, o Libro dos Apóstolos, que simboliza a súa evanxelización e predicación en Galicia e no resto da Península Ibérica. Escoltan a Santiago dous anxos a cadanseu lado que portan a cruz espataria que representa o seu martirio, decapitado pola espada executora, e a salvación, acadada pola cruz redentora na que Cristo foi sacrificado; xa no interior do templo está Santiago, no Pórtico da Gloria, en maxestade, sentado no trono celeste gañado co sangue do seu martirio. Aos pés do Apóstolo, axeonllados, aparecen na fachada dous reis hispanos peregrinos ofrecéndolle os seus cetros como máximos representantes do pobo que Santiago evanxelizara, para agradecerlle a súa protección e padroado.

Máis abaixo está o seu sartego rodeado por un coro de anxos e alumado pola impresionante estrela que lle indicou, no primeiro cuarto do século IX, ao eremita Paio o lugar no bosque Libredón onde os seus sagrados restos permaneceran agochados durante case oito centurias e que logo serían exhumados polo bispo Teodomiro (¿810?-847), que confirmou a súa autenticidade. Escoltan o sartego os discípulos de Santiago, Teodoro e Atanasio, ataviados como peregrinos, co bordón e o Libro dos Evanxeos, que o trasladaron na barca apostólica desde Jaffá a Iria, o enterraron no lugar que logo sería

2. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009.

3. FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994.

4. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998.



Exemplar do *Códice Calixtino* en galego e detalle da fachada barroca do Obradoiro



Compostela e logo foron tamén sepultados onda o seu mestre. A torre do Evanxeo acolle a imaxe de Zebedeo, o pai de Santiago, e de Xoán o Evanxelista; e a da Epístola, a da súa nai, santa María Salomé.

Un relevo en alabastro policromado sobre madeira, doado á catedral de Santiago polo párroco de Chal John Goodyear na súa peregrinación polo Camiño Inglés contra 1456, recolle as escenas da Chamada de Xesús a Santiago, a Misión de predicar o Evanxeo que lles encomenda aos apóstolos antes da súa Ascensión, a Predicación de Santiago na Península Ibérica, o seu Martirio pola espada e a *Translatio* na barca para ser enterrado no lugar onde predicara, consonte mandaba a tradición; hoxe consérvase no Museo da Catedral de Santiago. Por outra banda, o interior da porta santa da catedral compostelá, realizada en bronce por Jesús León, co gallo do Ano Santo de 2004, presenta tamén en relevo as escenas da Chamada de Cristo a Santiago, a Misión evangelizadora que lles encomendou aos apóstolos antes da súa Ascensión, a Predicación de Santiago na Península Ibérica, o seu Martirio por decapitación, a *Translatio* en barca dos seus restos a Galicia e a *Inventio* do seu sepulcro no *Locus Sancti Iacobi* polo eremita Paio e o bispo Teodomiro (?810?-847).



Relevo de John Goodyear, párroco de Chal

Unha das mellores representacións pictóricas da *inventio* do sepulcro do apóstolo Santiago e dos seus discípulos Teodoro e Atanasio é a recollida nunha miniatura do *Tombo A da Catedral de Santiago de Compostela*. Tamén ten moito interese o retablo de Santiago o Maior da igrexa de Santiago de Vallespinosa, executado por Joan Mates contra 1410 e conservado no Museo Diocesà de Tarragona, que pinta sobre táboa a Santiago co Libro dos Evanxeos que predicara na Península Ibérica, na man esquerda, e as escenas da



Miniatura do bispo Teodomiro bendicindo o sepulcro apostólico no *Tombo A da Catedral de Santiago*

Conversión do mago Hermóxenes, o Martirio de Santiago pola espada, a *Translatio* por Teodoro e Atanasio, e o Paso dos bois amansados diante da Raíña Lupa co corpo do Apóstolo para ser enterrado no que logo sería Compostela. Hai tamén outro retablo de Paolo da San Leocadio, realizado contra 1512 para a igrexa de San Jaume de Vila-Real, que conserva seis táboas coas escenas da Predicación de Santiago, o Xuízo de Herodes, o Martirio, o Paso dos bois co seu corpo morto diante da raíña Lupa, o Milagre do Aforcado e a Batalla de Clavijo.

Así pois, o eido da arte acolleu na Península Ibérica, na que o Apóstolo predicara, e no mundo enteiro numerosas representacións da vida, paixón e morte de Santiago e da *translatio* e a *inventio* dos seus restos en Compostela, onde son venerados por peregrinos de toda nación, raza ou condición social desde o século IX, e Pontedeume, como vila acollida ao seu padroado pola que pasa o Camiño Inglés que parte de Ferrol cara a Santiago de Compostela, non foi unha excepción.

2. O RETABLO MAIOR DA IGREXA PARROQUIAL DE SANTIAGO DE PONTEDEUME. UNHA LECTURA XACOBEOA DESDE O CÓDICE CALIXTINO E O PÓRTICO DA GLORIA

Balsa de la Vega afirmou, despois dunha visita realizada en 1910 ao templo parroquial eumés, que “de últimos do século XVI existe en Pontedeume un monumento pictórico, dedicado a conmemorar varios episodios da vida e da lenda do apóstolo Santiago. Tal monumento está composto por nove cadros que decoran o retablo do altar maior da parroquia da citada vila. De moi mediano pincel xulguei tales pinturas”⁵.

De Castro Álvarez pensa que o retablo foi realizado en 1530 coas táboas do ciclo da paixón de Cristo, que foron substituídas en 1684, consonte recolle un documento que facilita, polas pinturas do ciclo mariano que daquela se encargaran –santa Rosa do Perú, santa Rosa de Viterbo, Natividade da Virxe María, Anunciación á Virxe María do arcanxo Gabriel, Adoración do Neno Xesús polos pastores, Purificación, a Purísima e a Asunción da Virxe María ao Ceo–. Entre 1684 e o pontificado de Rajoy (1751-1772), considera que é probable que se retirasen a imaxe pétreo de Santiago en maxestade e as tallas de san Pedro e san Paulo e que fosen suplidas por pinturas de tema xacobeo, malia que non precisa a data⁶.

Ao meu ver, é posible que estas pinturas da vida e lenda de Santiago que dixo ver Balsa de la Vega na súa visita, nunca estivesen alí, pois sería raro que, en 1967, cando se

5. Balsa de la Vega, R.: *El apóstol Santiago ante el arte*, “Boletín de la Real Academia Gallega”, 40, 1910, A Coruña, p. 83 e 84.

6. Véxase Castro Álvarez, C. de: *Una nueva lectura de las pinturas del retablo mayor de la iglesia parroquial de Santiago de Pontedeume*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 78. Así e todo, a imaxe de Santiago foi retirada contra o ano 1756 e estas tallas de Pedro e Paulo aínda estaban na capela maior en 1771, segundo o informe da visita do catro de agosto dese ano de Varela Fondevila, visitador da diocese, que as manda retocar, como pode verse en Castro Álvarez, C. de e Vázquez Arias, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003, p. 176.

decide repoñer a imaxe sedente en pedra do Apóstolo, se retirasen as pinturas referentes á súa vida e que non se conservasen en ningures nin haxa documentos que acrediten a súa existencia. Ademais, o propio Balsa de la Vega reconece que “é imposible examinar as pinturas das que falo. O brutal promontorio que imitando un baldaquino colocou a estulticia diante do retablo non permite ver detalladamente o que o anónimo pincel executou na honra de Santiago”⁷ e non hai constancia documental ningunha verbo de cando foran encargados, colocados ou retirados.

O Santiago sedente de pedra foi retirado do retablo e enterrado no chan da capela maior contra o 1756, cando se iniciaron os traballos para a instalación do tabernáculo, que remataron dous anos máis tarde e permitiron o regreso do Santísimo Sacramento que fora trasladado provisionalmente á antiga capela de San Roque mentres duraron as obras. A vella imaxe pétreo de Santiago sedente e en maxestade foi exhumada nos traballos de remodelación do presbiterio en 1961, que supuxeron a desaparición do tabernáculo, e seis anos máis tarde, en 1967, colocada enriba do sagrario, presidindo o altar maior, onde hoxe permanece.

É moi posible tamén que, aproveitando esta reforma do presbiterio, impulsada polas decisións tomadas no Concilio Vaticano II (1962-1965), algúns dos antigos lenzos do ciclo da paixón de 1530 –Flaxelación de Cristo, Pranto sobre Cristo morto, Ascensión de Xesús ao Ceo e Cristo encravado na cruz– fosen restaurados e colocados na parte superior do retablo. Debaixo deles foron dispostos os cadros do arcanxo san Miguel coa espada e a balanza de pesar as almas e da Asunción da Virxe María ao Ceo, que non parecen pertencer ao ciclo da paixón, pola súa menor calidade estilística, nin ao mariano; o de San Miguel non foi encargado en 1684 e o profesor De Castro Álvarez pensa que o da Asunción tampouco non é o que se realizara daquela, nin por estilo nin por estar executado sobre táboa⁸. As representacións da Anunciación á Virxe María do arcanxo san Gabriel e da Adoración do Neno Xesús polos pastores, que si pertencen ao ciclo mariano de 1684, foron cambiadas de sitio e colocadas na parte inferior do retablo.

O altar maior da igrexa parroquial de Pontedeume xa foi brillantemente estudado polos profesores Balsa de la Vega, García Iglesias, De Castro Álvarez e Vázquez Arias⁹. Así e todo, ao meu ver, o retablo admite unha interpretación xacobeo inédita, malia que xa fora albiscada a principios da pasada centuria polo citado Balsa de la Vega. Estivesen ou non algún día representados “varios episodios da vida e da lenda do apóstolo Santiago”¹⁰, como afirmou Balsa de la Vega, o actual retablo, sobre todo desde que foi restituída a imaxe pétreo sedente do Apóstolo, deixa ver unha clara mensaxe xacobeo.

7. Balsa de la Vega, R.: *El apóstol...*, *op. cit.*, p. 84.

8. Castro Álvarez, C. de: *Una nueva lectura...*, *op. cit.*, p. 71-86.

9. Véxanse Balsa de la Vega, R.: *El apóstol...*, *op. cit.*, p. 83 e 84; García Iglesias J. M.: *La pintura manierista en Galicia*, A Coruña, 1986, p. 179 e 180; Castro Álvarez, C. de e Vázquez Arias, J. C.: *La iglesia...*, *op. cit.*, especialmente as p. 43-54; e Castro Álvarez, C. de: *Una nueva lectura...*, *op. cit.*, p. 71-86.

10. Balsa de la Vega, R.: *El apóstol...*, *op. cit.*, p. 84.

O xa citado tríptico da igrexa de Santiago de Vallespinosa de Santa Perpetua de Gaià, conservado no Museu Diocesà de Tarragona¹¹, presenta un Santiago sedente e en maxestade que preside o retablo, como tamén o fai no de Pontedeume a imaxe pétreo do Apóstolo. Igualmente, o ático está ocupado pola imaxe de Cristo crucificado e nos lados do Evanxeo e da Epístola, respectivamente, están representadas, como no retablo eumés, as escenas da Anunciación do Arcanxo san Gabriel e da Epifanía coa Adoración dos pastores.



Tríptico do antigo retablo maior da igrexa de Santiago de Vallespinosa

O primeiro lenzo que hoxe aparece na parte inferior do retablo do altar maior eumés, no lado do Evanxeo, representa a escena da Anunciación relatada no *Evanxeo de san Lucas* e fóralle encargado ao pintor coruñés Juan Sánchez de Boado polo Concello de Pontedeume o dezanove de marzo de 1684, consonte consta na documentación do

11. Pode verse con máis detalle este retablo en GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *Camino de Santiago, patrimonio mundial*, Santiago de Compostela, 2004, p. 227.

Arquivo de Protocolos Notariais de Pontedeume, que lle proporcionou a investigadora Lucía Costas Fernández ao profesor De Castro Álvarez para a nova lectura que realizou do retablo¹²; un día máis tarde, Sánchez Boado cédelle o traballo a Antonio Martínez Segade, que é o que o executa.

O arcanxo Gabriel foi enviado por Deus a Nazaré, onda María¹³, e no lenzo aparece co rostro sereno e decidido, os cabelos roxos, unhas ás brancas e unha túnica tamén branca cuberta por un vestido vermello. Despois do amable saúdo¹⁴, quere tranquilizar a María e, co furabolos da man dereita en alto, anunciarlle a proposta que lle trae de parte de Deus¹⁵.

Ela viste unha túnica vermella e unha touca azul –símbolo da súa castidade–, que deixa ver os roxos cabelos, está axeonllada sobre un reclinatorio, que aos seus pés ten un ramo de azucenas –un novo signo da súa virxindade–, e reza coa axuda dun libro. O seu rostro mostra sorpresa e turbación polo ofrecemento¹⁶ e o arcanxo explicalle como acontecerá todo pola vontade de Deus. A man esquerda de Gabriel móstralle un ramo de azucenas brancas que confirma que a concepción será inmaculada e a súa virxindade preservada¹⁷. María escoita con atención o anuncio e leva a súa man dereita ao corazón para corroborar cun aceno as súas palabras de aceptación: “Velaquí a escrava do Señor; cumprese en min o que dixeches”¹⁸. Esta renuncia a todo para aceptar a vontade de Deus foi tamén a que tiveron Santiago e o seu irmán Xoán o Evanxelista ao deixaren o seu traballo de pescadores e o seu pai cando Xesús Cristo os elixiu para os facer pescadores de homes¹⁹.

O papa Calisto II (1119-1124), no seu famoso sermón coñecido como *Veneranda Dies*, recollido no capítulo XVII do Libro I do *Códice Calixtino*, incide igualmente nesta idea ao afirmar que “así como o santo Apóstolo cando foi elixido deixou polo amor divino non só a barca, a seu pai, a súa nai e as súas propiedades, senón tamén a totalidade dos vicios da vida pasada e en diante perseverou nas boas obras, así tamén nós debemos arredar a morea dos nosos pecados e perseverar nas boas obras”²⁰.

Do mesmo xeito, a peregrinación supón tamén o abandono da antiga vida mundana para iniciar un novo camiño baseado na renuncia ao terreal para aceptar sen reservas a

12. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 79-86.

13. “Onda unha mociña prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé; o nome da mociña era María”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., Lucas, 1, 27, p. 150.

14. “Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 28, p. 150.

15. “Non teñas medo, María, porque ti atopaches graza ante Deus; e, fixate, vas concibir no teu ventre e darás a luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. Será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na cas de Xacobe, e o seu reino non terá fin”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 30-33, p. 150.

16. “E como pode ser isto, pois non teño relación con home ningún?”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 34, p. 151.

17. “O Espírito Santo baixará sobre ti e o poder do Altísimo cubrirate coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus. Aí tes a túa curmá Isabel, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles”; cfr. *idem*, Lucas, 1, 35-37, p. 151.

18. *Idem*, Lucas, 1, 38, p. 151.

19. *Idem*, Mateo, 4, 1-22, p. 38; Marcos, 1, 16-20, p. 102 e 103; ou Lucas, 5, 1-11, p. 160 e 161.

20. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 203.

vontade de Deus igual que María. Como di o papa Calisto II (1119-1124) no *Veneranda Dies*, “se ao marchar o peregrino sae da súa terra, é dicir, dos negocios terreaís e dos seus malos costumes e da súa parentela, ou sexa, do lugar da rutina dos seus pecados, e persevera nas boas obras, sen dúbida o Señor fará que medre no gran coro dos anxos: na gloria dos benaventurados”²¹. Así pois, segundo o devandito sermón, “diríxese debidamente ao sepulcro de Santiago o que, antes de comezar o Camiño, perdoo aos que lle fixeron algunha inxustiza; o que fai táboa rasa, se é posible, de todos os remorsos de que é acusado polos demais e pola propia conciencia; o que recibe o léxítimo permiso [...] daqueles aos que está unido; o que devolve, se pode, o que recibiu inxustamente [...]; o que acepta as desculpas de todos; o que dispón ben a súa casa [...]; o que, despois de comezar o Camiño, dá [...] o necesario para o corpo e para a alma aos peregrinos [...] conforme aos seus posibles; o que [...] foxe da borracheira, dos preitos e da luxuria [...]; o que, despois de volver á súa casa, se priva das cousas ilícitas e persevera nas boas obras ata o final”²².

Na escena da Anunciación do retablo eumés faise presente a Santísima Trindade. Deus Pai, vestido de vermello e azul, con rostro barbado e bondadoso, contempla satisfeito desde o Ceo, rodeado dun amplo coro de anxos espidos, a entrega de María aos seus desígnios e ábreille os seus amorosos brazos como mostra de compromiso e agradecemento. A pomba branca, que simboliza o Espírito Santo, voa desde o Ceo na procura da Virxe para facer realidade a inmaculada concepción da terceira persoa, o Fillo, que xa leva nas súas entrañas.

Por outra banda, consonte recolle o capítulo IX do Libro V do *Códice Calixtino*, na porta Francíxena ou setentrional da catedral de Santiago de Compostela, daquela “no tímpano, figura esculpida a Anunciación da benaventurada Virxe María; tamén aparece alí o anxo Gabriel falándolle [...]. Nas xambas, na parte alta hai catro apóstolos [...], Pedro [...], Paulo [...], Xoán [...] e Santiago”²³. Ademais, Santiago “padeceu martirio o día vinte e cinco de marzo”²⁴, segundo o capítulo III do Libro III do *Códice Calixtino*, na mesma data na que se celebra a festa da Anunciación da Santísima Virxe María.

Na parte baixa do lado da Epístola está o lenzo do Nacemento de Xesús, realizado tamén, segundo De Castro Álvarez, polo pintor betanceiro Antonio Martínez de Segade por mor da devandita cesión en 1684 do coruñés Juan Sánchez de Boado²⁵.

Un louro, saudable e gordiño Neno Xesús, espido, mira con tenrura e un leve sorriso no rostro a súa Nai que, vestida de vermello, cunha touca branca na cabeza e un manto azul sobre as pernas, lle devolve unha amorosa mirada e o envurulla cun impoluto e branco lenzo coas súas finas e delicadas mans.

21. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 207.

22. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 219 e 220.

23. *Idem*, Libro V, capítulo IX, p. 507.

24. *Idem*, Libro III, capítulo III, p. 387.

25. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura..., op. cit.*, p. 78.

Detrás de María, asumindo un papel secundario e así e todo fundamental, aparece un avellentado Xosé, con pouco pelo e barba branca, vestido cunha camisa vermella, que, coas mans xuntas en sinal de entrega, acepta o papel de pai putativo do Neno que o anxo do Señor lle encomendara nun soño²⁶.

A corte das bestas foi o humilde lugar elixido por Deus Pai para que nacesse o seu Fillo e Redentor do mundo. Un anxo do Señor tamén se lles apareceu aos pastores daquela comarca que pasaban a noite vixiando os seus rabaños para anunciarlles o nacemento dun Salvador e Mesías e eles foron a Belén e atoparon nun presebe a María, Xosé e mais o Neno; logo contaron a todos o que lles acontecera e volveron aos seus traballos glorificando e loando a Deus²⁷.

A primeira peregrinación da cristiandade comezou precisamente alí onde naceu Xesús Cristo nove meses despois da Anunciación e os primeiros peregrinos cristiáns foron eses pastores. Na escena do retablo eumés aparecen tres destes pegureiros. En primeiro plano e dándolle as costas ao espectador, un deles, co cabelo roxo, vestido con camisa branca e pantalón vermello, axeonllado, ofrécelles ao Neno e mais aos seus pais o fermoso roxelo que acaba de sacrificar que é tamén a representación de Cristo ao que Xoán o Bautista identificará como o Año de Deus que se inmolará para arrincar o pecado do mundo²⁸. Outros dous pastores fan o ademán de que se van inclinar diante do Mesías, ao que miran con veneración. Un deles quita o seu humilde chapeu da cabeza coa súa man dereita en sinal de respecto. De pé, entre os pastores, unha mula e un boi, como recolle o *Evanxeo Apócrifo do Pseudo-Mateo*²⁹, malia que non as *Sagradas Escrituras*, danlle quentura ao Neno co seu agarimoso e manso alento.

Asemade, uns magos seguiron unha estrela desde o Oriente ata Xerusalén e foron onda o portal de Belén, prostráronse diante do Neno, rendéronlle homenaxe e agasallárono con ouro, incenso e mirra³⁰. A representación da Epifanía cos magos peregrinos, que non aparecen no retablo eumés, é, así e todo, moi abundante en múltiples tímpanos de templos románicos do Camiño de Santiago, entre os que se poden destacar o de San Fiz de Solovio e o da Corticela, ambos os dous en Santiago de Compostela, ou o de Santa María do Azogue, en Betanzos, no Camiño Inglés. Nestes tímpanos, os Reis Magos tamén quitan a súa coroa diante do fillo de Deus en sinal de respecto, como facía o pastor do retablo de Pontedeume co seu humilde chapeu.

Os lugares relacionados coa vida de Xesús Cristo na chamada Terra Santa foron visitados despois por incontables peregrinos ao longo dos séculos e, desde a Idade Media son, con Roma e Santiago de Compostela, os principais centros de peregrinación da cristiandade.

26. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo..., op. cit., Mateo*, 1, 18-24, p. 33 e 34.

27. *Idem, Lucas*, 2, 8-20.

28. *Idem, Xoán*, 1, 29.

29. *Evanxeo Apócrifo do Pseudo-Mateo*, 14, 1.

30. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo..., op. cit., Mateo*, 2, 1-12, p. 34 e 35.



Pórticos das igrexa de San Fiz de Solovio e Santa María Salomé en Santiago de Compostela

A pobreza e humildade de Xesús ao nacer nun presebe sendo o Fillo de Deus debe caracterizar tamén aos que se dirixen a estes santuarios. O papa Calisto II (1119-1124) no devandito sermón do *Códice Calixtino* coñecido como *Veneranda Dies* advirte de que “o peregrino que leva máis provisións das necesarias para o camiño e non reparte cos necesitados, senón que o volve levar para casa, temo que será condenado [...]. Se o Señor entrou en Xerusalén montado, non nun cabalo nin nunha mula, senón nun burro, ¿que será dos que se dirixen aló en cabalos e mulas cebados e con grandes provisións e comodidades? Se san Pedro foi a Roma sen diñeiro e descalzo e para rematar marchou crucificado para xunto do Señor, ¿por que moitos peregrinos se dirixen alí cabalgando con moito diñeiro e dous vestidos, comendo suculentos manxares, bebendo máis viño do normal e non repartindo nada cos seus irmáns necesitados? Se Santiago foi peregrino polo mundo sen diñeiro e descalzo e finalmente marchou degolado ao Paraíso, ¿por que os peregrinos se dirixen a el cargados de diversos tesouros e sen compartir nada cos pobres?”³¹.

Por outra banda, a escena da Natividade podería xustificarse nun retablo de Santiago pola presenza dunha parteira chamada Salomé, que algúns identificaron, sen máis fundamento de que compartían o mesmo nome, coa nai dos Zebedeo, Santiago e Xoán o Evanxelista, despois do parto de María, á que visitou para certificar a súa virxindade logo de parir sen mácula de sangue ningunha, consonte o relato dos *Evanxeos Apócrifos de Santiago* e do *Pseudo-Mateo*³².

Ademais, as representacións da Anunciación e do Nacemento de Xesús son acollidas tamén como xa se dixo nun retablo pictórico do Apóstolo procedente da igrexa

31. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit.*, Libro I, capítulo XVII, p. 218.

32. A parteira que asistiu a María “saíu da gruta, atopou a Salomé e díxolle: Salomé, Salomé, vouche contar a marabilla extraordinaria presenciada por min dunha virxe que pariu dun xeito contrario á natureza [...]. E Salomé, firme en verificar a súa comprobación, púxolle o seu dedo no ventre a María e despois ceibou un alarido, exclamando: Castigada é a miña incredulidade impía, porque tentei ao Deus vivente, e velaquí que a miña man é consumida polo lume e se separa de min [...]. Un anxo do Señor aparecéuselle, dicindo: Salomé, Salomé, o Señor atendeu a túa súplica. Achégate ao Neno, cólleo no colo e El será para ti saúde e alegría”; tomado do *Protoevanxeo de Santiago*, 19, 1-3 e 20, 1-4, especialmente 19, 1 e 20, 1 e 3, de onde está sacada e traducida a cita; tamén pode verse no *Evanxeo Apócrifo do Pseudo-Mateo*, 13, 3-5.

de Santiago de Vallespinosa, conservado no Museo Diocesà de Tarragona, e no pórtico románico pétreo da igrexa de Santa Salomé de Santiago de Compostela, dedicada á nai dos Zebedeo, no que aparece, no lado da Epístola, o arcanxo Gabriel anunciando o que vai acontecer; no do Evanxeo, a Virxe preñada coa man no seu ventre agarimando o Neno que leva nas súas entrañas; e no centro, a Virxe sedente e coroada de gloria co Neno xa nacido no colo.

Consonte o *Veneranda Dies*, o “camiño de peregrinación é algo excelente, pero estreito, pois estreito é o camiño que leva ao home á vida; ancho e espazoso o que o leva á morte”³³. Por iso, os que se dirixen a Compostela reciben da Igrexa un zurrón e un bordón benditos. O primeiro representa “a xenerosidade das esmolas e a mortificación da carne [...]. O bordón é a defensa do home contra os lobos e os cans. O can adoita ladrarlle ao home e o lobo, comer as ovellas. Polo can e o lobo simbolízase ao Demo, tentador do xénero humano”³⁴. Xa que logo, así como para o peregrino o bordón é un apoio para as dificultades da súa viaxe e para vencer as tentacións que se lle presenten, tamén para os eumeses a figura do arcanxo san Miguel é a do aliado para vencer o Demo.

Nesta representación situada hoxe no segundo andar do lado da Epístola do retablo, san Miguel aparece como *miles Christi*, vencedor do Demo –de negro e vermello–, a morte –imaxe dunha caveira–, as tebras –cabeza monstruosa– e a tentación –a serpe–, voando sobre eles con dúas enormes ás brancas, unha capa vermella ao vento con reberetes dourados, brandindo na man dereita a espada flamíxera e enarborando na esquerda a cruz redentora e a balanza de pesar as almas.

Os eumeses acoden a pé dúas veces no ano –oito de maio e vinte e nove de setembro– en romaría á capela románica de San Miguel de Breamo. Despois dunha dura subida monte arriba polo camiño tradicional, chegan á ermida situada no cume, onde os recibe unha imaxe pétreo de san Miguel do século XV, que aínda conserva restos da súa antiga policromía, coa balanza de pesar as almas, e outra procesional do santo coa espada e vencedor do Demo que ás veces é substituída por outra de vestir, coa lanza e a cruz, triunfante tamén sobre o Inimigo. Na ousia, á esquerda do altar, dispónse unha imaxe do Salvador, sedente e en maxestade, que mostra as súas feridas nas mans levantadas e nos pés espidos, como lembranza da súa expiación redentora.

A imaxe de Cristo Salvador sentado no trono da Gloria ao final do camiño dos romeiros de san Miguel está presente tamén na meta da peregrinación xacobeo no Pórtico da Gloria e na capela do Salvador, situada detrás do sartego que garda os restos do apóstolo Santiago na catedral compostelá. Estas representacións do Salvador, nas metas da peregrinación xacobeo e da romaxe eumesa despois dun traballosa periplo, son unha metáfora do premio que lles agarda aos bos cristiáns ao final do seu duro camiño pola vida, o trono da Gloria.

33. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVII, p. 213.

34. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 215.



Imaxes do Salvador na capela de San Miguel de Breamo e no Pórtico da Gloria da catedral compostelá

A escena pintada no lado do Evanxeo a carón da de san Miguel é a da Asunción ao Ceo da Virxe María. Estas dúas pinturas non pertencen, segundo De Castro Álvarez, nin ao ciclo da Paixón, executado contra 1530, nin ao mariano, de 1684³⁵; a súa data segue a ser hoxe unha incógnita sen resolver. A relación entre ambas as dúas representacións podería estar xustificada polo feito de que unha pasaxe do *Evanxeo Apócrifo de Xoán, arcebispo de Tesalónica* sitúa a san Miguel ao lado de Xesús Cristo para levar entre as mans, diante dos apóstolos, a alma de María xunguida ao seu corpo, que quedou dormente durante tres días antes da súa Asunción ao Ceo³⁶. O Espírito Santo trouxera a Belén, onde María, nunha nube, os apóstolos para que a acompañasen nese tronso, Xoán atopábase en Efeso, Pedro en Roma, Paulo en Tiberia, Tomé no centro das Indias, Santiago en Xerusalén, Marcos en Alexandría, Mateo no mar e Bartolomeu na Tebaida; ademais, tamén viñeron Andrés, Filipe, Lucas, Simón o Cananeo e Xudas Tadeo³⁷. Ao terceiro día foi chamada polo Señor ao Paraíso e, consonte conta Xoán, “nós, os apóstolos, logo de contemplar de socato a augusta translación deste santo corpo, loamos a Deus por nos dar a coñecer as súas marabillas no tránsito da Nai do Noso Señor Xesús Cristo”³⁸. Así pois, Santiago, cos demais apóstolos, presenciou a Asunción da Virxe e estivo ao seu carón nun momento tan importante para ela.

35. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 78.

36. “E velaí que de socato se presenta o Señor sobre as nubes cunha multitude de anxos. E Xesús en persoa, acompañado do arcanxo san Miguel, entrou na cámara onde estaba María, mentres os anxos e os que por fóra rodeaban a estancia cantaban himnos, e alí atopou o Salvador os apóstolos a carón de María e saudounos a todos [...]. Nós, os apóstolos, vimos que a alma de María, cando foi entregada nas mans de san Miguel, estaba integrada no seu corpo carnal aínda que tiña unha branca que superaba en sete veces a do sol”; cfr. *Evanxeo Apócrifo de Xoán, arcebispo de Tesalónica*, capítulo XII.

37. *Evanxeo Apócrifo de Xoán, o Evanxelista*, capítulos VI, XII-XIV e XVII-XXIV. Na relación aparecen máis de doce apóstolos; así e todo, é ben sabido que o número de doce era simbólico, o resultado de multiplicar o tres, que dá a entender que predicaron a fe na Santísima Trindade, polo catro, que quere dicir que o farían polas catro rexións do mundo; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo II, p. 69.

38. *Evanxeo Apócrifo de Xoán, o Evanxelista*, capítulo L.

Nesta representación sobre táboa, María, acompañada por un coro de anxos, é levada ao Ceo diante da absorta mirada dos doce apóstolos que abandonaron por uns días as tarefas evanxelizadoras que lles foran encomendadas por Xesús antes da súa Ascensión. A Virxe leva as mans dereitas en sinal de oración, humildade e aceptación da vontade divina. Detrás da cabeza aparece unha grande auréola dourada con reberetes vermellos e azuis que representa a súa santidade, pola que vai ser coroada de Gloria. Viste unha ampla túnica dourada, que a cobre por enteiro, e un gran manto azul, símbolo da súa virxindade, que lle tapa a cabeza e case lle chega aos pés. No brazo esquerdo leva colgado un amplo lenzo branco que ben podería ser o velo co que a envolveu o seu Fillo cando foi buscar a súa alma con san Miguel, “cuxo resplandor é imposible describir”³⁹.

Os doce apóstolos, seis a cadanseu lado, están axeonllados e coas mans dereitas, en actitude de oración diante dela, e deixan ver os seus afervoados rostros, rodeados polas auréolas douradas, que simbolizan a súa condición de santos. Os apóstolos visten túnicas azuis con reberetes dourados e capas vermellas, e levan os pés espidos. María dirixe a súa mirada chea de felicidade e tenrura cara á esquerda e fixa a vista claramente no seu apóstolo máis amado, o imberbe Xoán⁴⁰, que aparece en segundo lugar cos ollos pechados e turbado polo cariño que Virxe lle mostraba. Ao pé da cruz, antes de morrer, díxolle Xesús á Nai sinalando coa mirada a Xoán: “Muller, velaí o teu fillo. Despois díxolle ao discípulo: Velaí a túa Nai. E desde aquela hora, o discípulo acolleuna con el”⁴¹. En primeiro plano, García Iglesias, ao meu ver acertadamente, identifica a imaxe do apóstolo Santiago, a carón do seu irmán Xoán⁴², malia que polo cordón que leva entre as mans tamén podería ser Tomé, ao que a Virxe lle entregou “o cinto con que os apóstolos cinguiran o seu santísimo corpo”⁴³. Así e todo, con seguridade, un dos apóstolos situados a carón de Xoán ten que ser por forza seu irmán Santiago. Á dereita da Virxe estaría en primeiro plano Pedro, calvo e con barba recortada⁴⁴, e ao seu carón Paulo, con longa melena e barba roxas. Santiago, Xoán, Pedro e Paulo aparecerían así nun lugar privilexiado entre o Colexio Apostólico, como no lado da Epístola do Pórtico da Gloria na catedral compostelá.

O amor que lle tiña a Santiago foille demostrado pola Virxe na Península Ibérica, cando, segundo a lendaria tradición, se lle apareceu en carne mortal en Zaragoza e en

39. *Evanxeo Apócrifo de Xoán, arcebispo de Tesalónica*, capítulo XII.

40. GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura...*, op. cit., p. 179.

41. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., Xoán, 19, 26 e 27, p. 269.

42. GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura...*, op. cit., p. 179.

43. *Evanxeo Apócrifo do Pseudo Xosé de Arimatea*, capítulo XVII.

44. O papa León I o Magno (440-461), nun sermón recollido no *Códice Calixtino* e atribuído a el nas letras capitulares, malia que no índice se sinala como autor ao bispo san Máximo de Turín (398-420), afirma que o Señor puxo á fronte dos apóstolos “a Pedro por razón de idade, porque Santiago era un mozo e o seu irmán Xoán, case un neno; en cambio, Pedro era máis vello e de idade madura [...]. O Señor, prudentísimo, tamén quixo darnos un exemplo para que non osuásemos promover ao ministerio da santa Igrexa a ninguén que non tivese unha certa idade, porque os novos adoitan a miúdo aparentar devoción para ser promovidos antes de tempo a un honor indebido”; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XV, p. 187 e 188.

Muxía para animalo porque o froito que andaba a sementar por estas terras tardaba máis en agromar do que o impaciente Fillo do Trono desexaba. Como agradecemento, mandou construír Santiago en Zaragoza o primeiro templo mariano da cristiandade.

Por outra banda, o *Códice Calixtino* narra tamén un milagre no que a Virxe María demostra o seu amor polos peregrinos á tumba de Santiago cando fai resucitar a Xiraldo recuperando a alma que o Demo lle arrebatara con enganos⁴⁵. Unha versión bastante semellante deste milagre foi recollida en galego, na cantiga XXVI, polo rei Afonso X o Sabio (1252-1284) –que mandou poboar *ex novo* a vila de Pontedeume en 1270– nas *Cantigas de Santa María*⁴⁶. Tamén a cantiga CLXXV fala dun peregrino que, cando camiñaba con seu pai onda a tumba de Santiago, foi acusado en Tolosa de roubar un vaso



45. Xiraldo era un peleteiro que vivía preto da cidade francesa de Lyon, desde a que todos os anos peregrinaba a Santiago. Así e todo, un día, antes de iniciar a súa peregrinación anual, fornicou cunha mocíña e á mañá seguinte comezou a súa viaxe a Compostela. O Demo aparecéuselle facéndose pasar polo apóstolo Santiago e díxolle que un pecado tan grande só podía ser perdoado coa castración. Xiraldo, agoniado por un forte sentimento de culpabilidade e firmemente arrepenido, decidiu aceptar o consello do Demo, crendo que era en verdade o apóstolo Santiago, acometeu a amputación e morreu desangrado. Cando xa o ían soterrar, levantouse de socato e contoulles aos presentes o milagre. Ao abandonar a súa alma o corpo mortal esta foille arrebatada polo Demo que escapou con ela perseguido por Santiago que acudía na defensa do seu peregrino e o levou ata a igrexa de San Pedro de Roma onde a Virxe María presidía a asemblea. Despois de que Santiago lle contara o engano do Demo á Virxe, esta preguntou: Ai desgraciado, ¿que buscas nun peregrino do meu Señor e do meu Fillo e do seu fiel Santiago? O Demo abraído polas palabras de María escapou e a Virxe mandou que a alma de Xiraldo volvесе ao corpo e así resucitase. Santiago, decontado, devolveu a alma ao corpo de Xiraldo xusto antes de que fose soterrado. Así e todo, xa nunca máis recuperou a súa virilidade; cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, capítulo XVII, p. 363-366.
46. METTMANN, W. (ed.): *Cantigas de Santa María. Alfonso X, o Sabio*, t. I, Vigo, 1981, cantiga XXVI, p. 176-179.

de prata nunha pousada e castigado por iso coa forza. Seu pai continuou a peregrinación a Compostela e, despois de orar diante dos restos do Apóstolo, regresou ao lugar onde fora sentenciado seu fillo, ao que atopou vivo pola intercesión de Santa María⁴⁷. Este milagre do aforcado fora narrado así mesmo no *Códice Calixtino*, malia que nesta versión non se di que fose a Virxe a intercesora, senón que foi o propio apóstolo Santiago o que interveu para o socorrer⁴⁸. A primixenia actuación da Virxe María como avogada produciuse nas vodas de Caná, onde Xesús realiza o primeiro milagre atendendo a unha petición da súa nai e converte a auga coa que se encheron as hidrias en viño⁴⁹. A igrexa de Santa María de Cambre, no Camiño Inglés que parte da Coruña, garda como pía bautismal a que se ten por unha destas hidrias, traída de Xerusalén por un cabaleiro do Temple.

As táboas do ciclo da Paixón de Xesús Cristo⁵⁰, que datan do ano 1530, están situadas na parte superior do retablo de Santiago de Pontedeume. No lado do Evanxeo aparece representada a escena da Flaxelación de Cristo, ordenada polo gobernador romano Poncio Pilato despois de que o levasen diante del detido pola traizón do bico de Xudas Iscariote. Xesús atópase no pretorio en primeiro plano, atado de pés e mans á tradicional columna que o representa como *Ecce Homo* –Eis o home–, cuxa imaxe non recollen os relatos evanxélicos. Así e todo, nesta táboa, a habitual columna máis ben semella o *Lignum Crucis* no que logo foi sacrificado. Xesús está espido e descalzo e só aparece cuberto por un pequeno pano de pureza que leva anoado no lado dereito, como decote acontecía cos crucificados dos cruceiros galegos e na meirande parte destas representacións. Curiosamente, nas escenas da Crucifixión e do Pranto sobre Cristo Morto do retablo, o nó aparece á esquerda. A longa melena revestida pola auréola dourada da santidade deixa ver o seu rostro barbado, cheo de paz e carente de odio, que reflicte a dor polo cruel e inxusto castigo que lle están a inflixir e asemade a aceptación da vontade de Deus Pai porque, cando acudiu cos seus tres discípulos predilectos –Pedro e os fillos de Zebedeo, Santiago e Xoán– a rezar ao monte das Oliveiras antes da súa Paixón e Morte, ben sabía que non podía arredar del o cáliz que tiña que beber. Así pois, abraza amoroso o madeiro no que ía morrer e entrégase ao seu sacrificio redentor.

Á dereita de Xesús, un imberbe soldado, vestido de vermello, suxeita coa man esquerda o corpo de Cristo e alza na súa destra o vergallo co que lle baterá a cabeza e as costas cumprindo a orde de Poncio Pilato. O rostro do soldado mostra seguridade, violencia e unha ausencia total dos sentimentos de culpa ou piedade. Á súa dereita, un compañeiro barbado, vestido de vermello e azul e toucado cun gorro dourado, parece cuspir ou insultar a Xesús coa súa boca entreaberta, sentado no chan. Nun segundo plano, á esquerda de Cristo, outro soldado, vestido con roupas escuras, trata de conter a violencia

47. *Idem*, cantiga CLXXV, p. 573-576.

48. Cfr. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, capítulo V, p. 346 e 347.

49. Cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Xoán*, 2, 1-13, p. 223 e 224.

50. A Paixón de Xesús Cristo está recollida polos catro evanxelistas. Cfr. *idem*, *Mateo*, 26-28, p. 86-96; *Marcos*, 14-16, p. 135-143; *Lucas*, 22-24, p. 203-212; e *Xoán*, 18-20, p. 263-272.

dun home barbado, ataviado con ricas vestiduras vermellas e un elegante sombreiro, impropios da época na que se desenvolven os feitos históricos, que sinala co dedo furabolos da man dereita a Xesús e sostén na esquerda unha vara que semella un símbolo de poder. García Iglesias identifícaa con “Pilato, xa que foi el o que, segundo os catro evanxelistas, decide o castigo”⁵¹. Malia que Pilato o castigou coa flaxelación e o sentenciou a morte, quixo, porén, lavar antes as mans diante dos xudeus que o acusaban e esixían a súa crucifixión para demostrar que el non era o responsable dese derramamento de sangue⁵² pois non atopaba delito ningún para o condenar. Ademais, co dedo índice da man dereita sinala a Xesús e parece dicir as palabras recollidas por Xoán: “Eis o home”⁵³. Así e todo, a actitude do soldado que se enfrenta a este personaxe para impedir-lle o paso fainos dubidar de que sexa Pilato o aquí representado, pois é impropia dun soldado diante dun home tan poderoso.

O ático acolle a Crucifixión de Cristo Redentor. Xesús, vestido só cun pano branco de pureza que leva anoado no lado esquerdo, aparece espetado na cruz por medio de tres cravos, un en cadansúa man e outro nos dous pés. Segundo Castela, durante a Alta Idade Media, “sempre aparecía o Redentor encravado na cruz con catro cravos, conforme o testemoio de San Ciprián, que viveu no tempo en que aínda se practicaba o sacrificio da crucifixión; pero a partir do século XIII xa se representou ao Redentor cos dous pés encravados xuntos e cun soio cravo, cicáis para conseguir un efecto de maior tortura [...]. Agora ben, nos cruceiros galegos e bretóns endexamáis se vé o crucifixo con catro cravos, senón con tres, ao xeito renacentista, coa particularidade de que sempre, sempre, o pé dereito sobremonta o esquerdo”⁵⁴.

O rostro de Xesús, coroado de espiño, está totalmente inclinado á dereita, como se xa lle entregase o seu espírito ao Pai. As manchas de sangue que abrollan do seu costado dereito confirman tamén o seu pasamento; cando Xesús xa estaba morto, “un dos soldados traspasoulle o costado cunha lanza; e no instante saíu sangue e auga”⁵⁵. Un dos sermóns do papa Calisto II (1119-1124), recollido no *Códice Calixtino*, asegura que é por medio deses dous “ríos preciosísimos, é dicir, o sangue da redención e a auga do bautismo, polos que se lavan os nosos pecados”⁵⁶.

Á dereita de Xesús Cristo, está a súa desconsolada Nai, vestida cunha túnica vermella e un amplo manto azul, con reberetes dourados, que lle cobre a inclinada cabeza que leva a dourada auréola da santidade. Á esquerda aparece o imberbe Xoán, o único discípulo que o acompañou ata o final na súa Paixón e Morte; viste unha longa túnica marrón e un manto púrpura e porta tamén a auréola da santidade; mira a Xesús, xa morto,

51. Tomado e traducido de GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura...*, *op. cit.*, p. 179.


52. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, *op. cit.*, *Mateo*, 27, 24, p. 93.

53. *Idem*, *Xoán*, 19, 5, p. 267.

54. RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *As cruces de pedra na Galiza*, Vigo, 1984, p. 151.

55. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, *op. cit.*, *Xoán*, 19, 34, p. 269.

56. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, *op. cit.*, Libro I, capítulo XIX, p. 248.



Retablo de Santiago no altar maior da súa igrexa parroquial de Pontedeume

cun aceno de valentía e rebeldía diante da inxustiza, como cando el e o seu irmán Santiago foron merecentes de ser chamados polo propio Mestre Boanerxes ou Fillos do Trono⁵⁷. Xoán non tivo que sufrir o martirio coma Xesús e o seu irmán Santiago para acadar o seu asento na Gloria, malia que si se mostrara disposto a apurar o cáliz que Cristo tivo que beber⁵⁸. Consonte afirma Beda o Venerable (672-732) na homilía recollida no *Códice Calixtino*, podemos dicir que Xoán bebeu o cáliz do Señor, aínda que “non saíu do corpo polo martirio [...], porque de dúas maneiras se pode beber este cáliz: unha cando se sofre pacientemente a morte inflixida por un verdugo⁵⁹, outra cando o ánimo está disposto á paixón por levar unha vida digna do martirio [...]. Xoán mostrou ata que punto estaba preparado para beber o cáliz da morte polo Señor cando, xunto cos demais apóstolos [...] soportaba con ánimo alegre o cárcere e os azoutes cando estivo relegado no desterro na illa de Patmos por causa da palabra de Deus e do testemuño de Xesús. Cando [...] foi metido polo emperador Domiciano nun bidón de aceite fervendo, do que emporiso, coa axuda do Señor, saíu tan san e tan limpo como castísimo fora de pensamento na vida; como tamén, estando no desterro, coa asistencia do propio Señor, cando máis desposuído parecía estar do consolo humano, tanto con máis insistencia mereceu ser consolado polos moradores do Ceo”⁶⁰. O vínculo terreal establecido polo propio Xesús Cristo entre María e Xoán non se romperá ata a Asunción ao Ceo da Virxe.

Rematando o retablo, a ambos os dous lados do ático, aparecen un busto de varón, no lado do Evanxeo, e outro de muller, no da Epístola. O profesor García Iglesias, que me abriu os ollos a este apaixonante mundo xacobeo, pensa, ao meu ver con acertado criterio, que poden corresponder aos seus mecenas, o conde Fernando de Andrade e a súa esposa a condesa dona Xoana de Leyva⁶¹.

A cruz salvadora ten forma de tau, como o bordón que sostén na man dereita o Santiago pétreo que senta en maxestade no trono da Gloria, no segundo corpo da parte central do retablo. O tau é a última letra do alfabeto hebreo e a décimo novena do grego. Para os exipcios representaba a vida, a sabedoría, o poder e mais a fecundidade. Por outra banda, foi utilizada nas *Sagradas Escrituras* como signo de salvación, pois servía para identificar aos que debían ser librados do castigo⁶².

57. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., Marcos, 3, 17, p. 107.

58. *Idem*, Mateo, 20, 20-28, p. 73 e 74; e Marcos, 10, 35-45, p. 126 e 127.

59. Como primeiro o fixera Cristo na cruz e despois Santiago pola espada.

60. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VIII, p. 146.

61. GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *La pintura...*, op. cit., p. 179.

62. No *Libro de Ezequiel*, o profeta di que “Yahveh chamou daquela ao home vestido de liño que tiña a carteira de escriban á cintura, e díxolle: –Percorre a cidade, Xerusalén, e marca un tau na fronte dos homes que se laian e choran por todas as abominacións que alí se cometen. E aos outros sentín que lles dixó: –Percorrede a cidade detrás del e feride. Non teñades piedade, non perdoedes; matade os vellos, mozos, doncelas, nenos e mulleres ata que non quede ningún. Pero non toques ad que leve o tau na fronte. Empezade polo meu santuario”; cfr. *Ezequiel*, 9, 3-6. Ademais, o *Libro do Apocalipse* conta tamén que “vin outro anxo máis, que tiña o selo do Deus vivente [refírese ao tau] subir desde o nacente. Dicialles a berros aos catro anxos a quen se lles deu poder para danar a terra e o mar: –Non lles fágades mal á terra nin ó mar nin ás árbores, ata que marquemos co selo na testa os servos do noso Deus. E oín o número dos que tiñan a marca: cento corenta e catro mil marcados entre todas as tribos dos fillos de Israel”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Apocalipse*, 7, 2-4, p. 629.

No IV Concilio de Letrán (1215-1216), o papa Inocencio III (1198-1216) chamou a todos os cristiáns a comprometérense coa defensa da fe e a utilizaren a letra tau como signo de conversión e salvación.

A *Lenda Áurea* de Santiago de la Vorágine, tamén do século XIII, interpreta a cruz na que morreu Cristo como símbolo de redención. Defende unha tradición grega que asegura que foi feita coa madeira da mesma árbore da sabedoría da que Adán colleu a mazá prohibida e así condenou a toda a humanidade, e que, por mor do sacrificio de Xesús na cruz, foi redimido Adán e con el todos os seres humanos; “por unha árbore Adán carrexounos a morte e tamén por unha árbore Cristo devolveunos a vida”⁶³.

Para san Francisco, que veu a Santiago a principios do 1214, polo que o pasado ano se celebrou o oitavo centenario da súa peregrinación, o tau representa tamén un signo que levan os elixidos para alcanzaren a redención e a salvación; con el selaba as súas cartas e marcaba tamén as celas dos seus relixiosos. Aínda hoxe, os franciscanos identifican o tau coa cruz de Cristo. No seu convento de Asís, sobre un fermoso e coidado prado, hai unha cruz vexetal con forma de tau sobre a lenda Pax.

O santuario de San Francisco de La Verna alberga varias reliquias do santo, entre elas o bordón en forma de tau que, segundo a tradición, trouxo como peregrino a Santiago de Compostela. Tamén aparece representado como peregrino co bordón con feitura de tau na catedral de Santa María de Ciudad Rodrigo, no arranque dos nervios da nave principal,



Detalle do bordón de san Francisco e imaxe do santo peregrino na catedral de Ciudad Real

63. Tomado e traducido de MACÍAS, J. M. (trad.): *Santiago de la Vorágine. La leyenda dorada*, t. I, Alianza Editorial, Madrid, 1987, p. 222.

o que xustifica Fraga Sampedro pola “tradición do paso de san Francisco pola vila na súa peregrinación a Santiago”⁶⁴.

O capítulo IV de *I fioretti di san Francesco*, escritas por un anónimo toscano contra 1370 e maravillosamente traducidas á nosa lingua por Darío Xohán Cabana, di que, xa en Compostela, “estando de noite en oración na igrexa de Santiago, foille revelado por Deus a san Francisco que debía fundar moitos conventos polo mundo, porque a súa Orde se debía dilatar e medrar en grande multitude de frades. E por esta revelación empezou san Francisco a fundar conventos naquelas terras”⁶⁵. Entre os galegos destacan os de Santiago de Compostela e Pontevedra, e no Camiño Inglés, o de Santa Catarina de Montefaro e os de San Francisco en Ferrol e Betanzos, fundados por Fernán Pérez de Andrade o Bo, que, na ponte eumesa que mandou facer contra 1380, tamén levantou unha capela e un hospital que tiña que deixar sempre reservadas catro camas para os peregrinos e puxo ao seu coidado aos frades franciscanos de Montefaro. López Calvo cre que o hospital deixaría de prestar os seus servizos a finais do primeiro cuarto do século XIX, xa que nunha carta de 1820 o superior do mosteiro lle comunica ao alcalde da vila de Pontedeume a imposibilidade de que este centro hospitalario seguise a cumprir as funcións para as que se fundou e que eles non podían continuar prestando estes servizos porque as cláusulas primitivas xa non estaban vixentes⁶⁶.

Por outra banda, na catedral compostelá, nunha columna relicario presidida por unha imaxe de Santiago peregrino situada no lado da Epístola, foi gardado o báculo de ferro en forma de tau, de pouco máis dun metro de alto, que atopou o bispo Teodomiro cando descubriu os sagrados restos do Apóstolo e que se pensaba que fora utilizado por Santiago. Segundo López Ferreiro, contra o ano 1880, estaba xa “case completamente oxidado; e para que non se acabase de reducir a po, encheuse o tubo dunha masa de cal en data non moi remota”⁶⁷. Os bispos composteláns na Idade Media adoitaban levar tamén o seu báculo en forma de tau.



Miniatura do arcebispo Xelmírez (1120–1140). Tombo do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos

64. FRAGA SAMPEDRO, M. D.: “Francisco de Asís. Imaxes para un retrato, imaxes de santidade”, en SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Pellegrinoe nuovo apostolo. San Francesco nel Cammino de Santiago*, Santiago de Compostela, 2013, p. 349.

65. CABANA YANES, D. X. (trad.): *As floríñas de san Francisco*, Santiago de Compostela, 2013, p. 23.

66. Véxase LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 758. Son moi ilustrativos o estudo de Correa Arias e os magníficos debuxos do hospital e a capela realizados por Fernando Sarmiento Calvo, en CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A ponte do Ume II*, en “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p.7-44.

67. LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. VII, Santiago de Compostela, 1905, p. 423.

Debaixo do ático, no corpo central do retablo da parroquial de Pontedeume, represéntase o Pranto sobre Cristo morto. En primeiro plano aparece o corpo inerte de Xesús, vestido tan só cun pano de pureza, que mostra nos pés e na man dereita –a esquerda está tapada– as feridas dos cravos e o costado dereito manchado polo sangue derramado. A súa Nai teno no colo e, cun aceno cheo amor e dor, bícalle a meixela esquerda do seu barbado rostro. Ten a man dereita no ombreiro destro do seu Fillo e acaríñalle coa esquerda a ferida ensanguentada do costado causada pola mítica lanza de Lonxinos. María viste túnica vermella e un manto azul con reberetes dourados e cobre a cabeza cunha branca touca sobre a que se dispón a auréola da santidade.

Á dereita da Virxe está o seu fiel compañeiro, Xoán o Evanxalista, o irmán de Santiago o Maior, o único dos apóstolos que permaneceu ata o final con Xesús no momento do seu sacrificio redentor. Viste unha túnica agrisada e unha capa azul, e leva os pés descalzos. Xoán, co rostro imberbe, tristeiro pero sereno, coroado pola auréola da santidade, trata de arrincar da cabeza de Cristo a coroa de espiño que lle fería a fronte e as tempas e lle puxeran os soldados para se moquearen da súa condición de rei dos xudeus, malia que ben sabían que o seu Reino non era deste mundo.

A carón da Virxe, acompañándoa na súa dor, están María Magdalena, a pecadora arrependida; María de Cleofás, a nai de Santiago o Menor; e María Salomé de Zebedeo, a nai de Santiago o Maior e Xoán o Evanxalista, consonte recollen os relatos evanxélicos⁶⁸. As nais de Santiago o Menor e de Santiago o Maior e mais Xoán os de Zebedeo aparecen coa auréola da santidade e o pelo recollido. Unha está axeonllada e suxéitalle amorosa e aflixida os pés inertes a Cristo, e a outra abraza polas costas á desconsolada Virxe María e acaríñalle con tenrura o ombreiro coa man dereita e o brazo coa esquerda. María Magdalena, moito máis nova cás outras dúas, leva solta a súa melena loura sobre a que se dispón a auréola da santidade e bota compunxida as mans ao peito como mostra da aceptación resignada da vontade de Deus e de que sempre levará a Xesús no seu corazón.

Nun segundo plano, á dereita da Virxe María, está Xosé de Arimatea, discípulo de Xesús e membro do Sanedrín, que lle pediu permiso a Poncio Pilato para lle dar sepultura ao corpo sen vida de Cristo. Aparece ataviado como un home rico e importante, con abrigo vermello e elegante sombreiro máis propios do século XVI, en que foi pintado, que da época histórica que representa a escena. O seu rostro barbado mostra unha gran bondade e un apoio total aos desconsolados Xoán, a Virxe e as outras tres mulleres que o acompañaban.

Á esquerda de Xosé de Arimatea, que aparecía nos relatos dos catro evanxelistas⁶⁹, está Nicodemo, o maxistrado dos xudeus cuxa intervención nese crítico momento en axuda de Xosé de Arimatea só foi recollida no *Evanxeo de Xoán*⁷⁰. As vestimentas en tons

68. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Mateo*, 27, 56, p. 94; *Marcos*, 15, 40, p. 141; e *Xoán*, 19, 25.

69. *Idem*, *Mateo*, 27, 57-61, p. 95; *Marcos*, 15, 42-47, p. 142; *Lucas*, 23, 50-56, p. 209; e *Xoán*, 19, 38-42, p. 270.

70. *Idem*, *Xoán*, 19, 39, p. 270.

marróns de Nicodemo lembran as dos peregrinos xacobeos e o seu sombreiro de aba larga desa mesma cor é moi semellante ao que estes devotos do apóstolo Santiago adoitaban levar cando ían venerar o seu sepulcro na catedral compostelá. Noutra ocasión, segundo lembra Xoán o Evanxelista, cando Xesús Cristo lle contara a Nicodemo que é necesario nacer de novo para entrar no Reino de Deus, este non entendía o que lle quería dicir ata que lle explicou que “de tal xeito amou Deus o mundo que lle deu o seu Fillo Unixénito para que todo o que cre nel non se perda senón que teña vida eterna [...] para que por El se salve o mundo [...]. Vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, porque as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai mal odia a luz e non vén cara á luz, para que non o delaten as súas obras. Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras, porque están feitas como Deus quere”⁷¹.

Así pois, o camiño cara á luz está en aceptar a cruz en forma de tau que aparece ao fondo da escena, na que Cristo sacrificado redimiu o mundo, é dicir, en seguir as ensinanzas que os apóstolos deixaron, non caer nas tentacións do mal e perseverar nas boas obras.

O Santiago pétreo que aparece no trono da Gloria ao pé do retablo mereceu este premio porque seguiu a cruz, representada no bordón en forma de tau que agarra coa man dereita, e o Evanxeo, simbolizado no filacterio que porta na esquerda. Como di o papa Calisto II (1119-1124) nun dos seus sermóns recollidos polo *Códice Calixtino*, “por Santiago, en efecto, que no tempo da fame morreu corporalmente por amor de Cristo, sinálanse metaforicamente os corazóns dos santos, que polo desexo do Reino dos Ceos morren ao mundo e demostran que viven para Deus [...]. Morre por iso a persoa cando polo amor de Deus abandona as súas accións malas coas que adoitaba levar unha vida va. Vive para Deus cando comeza a mellorar a súa vida coas boas obras”⁷². Xa que logo, o peregrino polo Camiño de Santiago debe estar disposto cando chegue á meta a iniciar unha nova vida na que se venzan as tentacións do mal e se persevere nas boas obras.

No lado da Epístola, a carón da táboa do Pranto sobre Cristo morto, colocouse a escena da Resurrección de Xesús Cristo. Coa alba do primeiro día da semana, o Redentor, que lle entregara o espírito ao Pai no mediodía do Venres Santo, sae do sepulcro vencedor da morte e aparece na escena enriba da pesada lápida. O Salvador leva sobre a melena morena a auréola da santidad e o seu rostro barbado reflicte unha inmensa paz. Viste só unha ampla capa púrpura con reberetes dourados que deixa ao descuberto a ferida do seu costado dereito, os brazos e as pernas. A súa man dereita erguida mostra a chaga ensanguentada do cravo da cruz que tamén se deixa ver no seu pé esquerdo. Coa man esquerda suxeita a cruz redentora, que lle serve de mastro ou lábaro a unha bandeirola vermella triangular que leva impresa unha cruz dourada. As chagas mostran o duro que resulta vencer as tentacións; a cruz, o sacrificio redentor de Cristo e a necesidade de que morran o vicio e a maldade; e a resurrección, o nacemento dun home novo que abandone o pecado e persevere nas boas obras para acadar a salvación.

71. *Idem*, *Xoán*, 3, 1-21, p. 225 e 226.

72. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, *op. cit.*, Libro I, capítulo VII, p. 126 e 127.

Onda a sepultura, catro homes vixían para que ninguén poida roubar o corpo de Xesús e dicir logo que resucitou o terceiro día como anunciara. Á esquerda de Cristo, en primeiro plano, hai un soldado barbado que dorme apracible pousando a cabeza sobre o seu brazo dereito, está protexido por un escudo e un casco, e ten aos seus pés unha arma que semella unha béstia. Detrás del, outro soldado, sumido nun profundo sono, acomoda a súa cabeza, protexida por un casco, sobre os dous brazos que apoia no sepulcro. Á dereita do Redentor está sentado en primeiro plano un home cun abrigo e un sombreiro marróns, que se protexe detrás dun escudo e, sumido nun entresoño, suxeita levemente coa man esquerda a lápida que se acaba de abrir. Detrás del aparece o único soldado que se atopa esperto, suxeita na man dereita unha lanza e leva a esquerda á cabeza en sinal de incredulidade polo que está a contemplar.

Debaixo do ciclo da Paixón de Cristo, aparece, como xa se dixo, presidindo o retablo, a figura pétrea de Santiago en maxestade, sedente sobre o trono celeste da Gloria. Afirmo o papa Calisto II (1119-1124) nun dos seus sermóns recollidos no *Códice Calixtino*, que non foi atopado outro semellante a el [refírese a Santiago] na gloria entre os apóstolos, pois quen mereceu seguir a Cristo no Ceo o primeiro entre os outros apóstolos pola espada de Herodes tamén mereceu sentar máis cerca de Cristo cós demais apóstolos nun altísimo trono⁷³.

Constata o papa Calisto II (1119-1124) no *Veneranda Dies* “o feito de que sen o esforzo da dura vida presente ninguén pode aspirar ao descanso perdurable [...]. Santiago anda merecidamente na memoria dos anxos e dos homes porque pasou á alegría do Ceo, pois, estando nesta peregrinación [refírese á vida terreal] só co corpo, vive co pensamento e co desexo naquela eterna patria [...]. O lirio morre nas súas follas no inverno e xera fermosísimas flores brancas de agradable olor na primavera. Polo lirio, que morre no inverno e bota na primavera brancas flores de agradable arrecendo, represéntase a Santiago, que, por dicilo así, estivo oprimido no tempo invernal polas aflicións da súa paixón neste mundo, pero na alegría primaveral, isto é, na amenidade do Paraíso, reverdece eternamente en presenza de Deus polos méritos das súas boas obras [...]. O lirio morre nas súas follas, pero revive polas raíces, porque Santiago mortificou o seu home exterior con moitos traballos, pero fixo revivir o interior aumentando nel as virtudes [...]. Santiago foi lirio e honra do mundo porque [...], tolerando con paciencia diversas clases de paixóns, xermolou no mundo e floreceu para sempre diante do Señor, coroado coa divina recompensa⁷⁴.

Afirmo tamén o *Veneranda Dies* que “quen vai con dignidade e pureza ao venerable altar do Apóstolo a Galicia, se está de verdade arrependido, acadará do Apóstolo a absolución dos seus pecados e o perdón do Señor, porque aquel don e aquel poder que lle deu o Señor antes da paixón non llos quitou despois da súa morte⁷⁵.

73. *Idem*, Libro I, capítulo XIX, p. 249.

74. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 204-208.

75. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 211. Cando Xesús se lles apareceu por primeira vez aos seus discípulos despois da súa

No século XIV, por mor da peste e outras enfermidades, os peregrinos chegados a Santiago queimaban por hixiene as súas vellas roupas nunha pira acesa nun forno de pedra situado ao pé da Cruz dos Farrapos. Durante algún tempo, o Cabido compostelán entregoulles novas e limpas roupas aos peregrinos para substituír os farrapos queimados na pira. Esta cruz grega de dous metros, realizada en cobre, está chantada sobre un *Agnus Dei* de pedra, nas cubertas da catedral compostelá, xusto encima do deambulatorio. A cruz sobre o Año Inmolado representa o sacrificio redentor de Xesús Cristo para a salvación dos homes. Simbolizábase así por este rito a destrución dos pecados e imperfeccións dos peregrinos –representados nos cheirentos e rotos farrapos– que, chegados á súa meta situada onda o sepulcro apostólico, iniciaban unha nova vida –simbolizada na nova e limpa vestimenta– centrada na virtude e as boas obras.



Cruz dos Farrapos na catedral de Santiago de Compostela

Xesús Cristo, coa súa Paixón e Morte redentoras, representadas no retablo eumés, marcou o camiño da salvación polo sacrificio da cruz. A súa Resurrección no terceiro día é a Ascensión ao Ceo corenta despois é a garantía de que os homes, como afirma o papa Calisto II (1119-1124), “se facemos ben aos que nos teñen odio, se sufrimos con paciencia as ofensas que nos fan os nosos próximos, se damos o saudable sustento segundo os nosos posibles aos necesitados, se amamos aos nosos próximos coma a nós mesmos, se ofrecemos os nosos membros ao libre servizo de Deus velando, orando, xaxuando,

Resurrección, díxolles: “Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo..., op. cit., Xoán*, 20, 22-23, p. 272..

odiando os vicios, arrependíndonos dos pecados cometidos, fuxindo das cousas ilícitas, desprezando a gloria do mundo, sen dúbida recibiremos o alimento da vida eterna”⁷⁶.

O camiño non é doado, pero o premio ben paga a pena. Santiago, que cando lle pediu ao Mestre, co seu irmán Xoán, que sentase na Gloria un á súa dereita e o outro á esquerda se mostrou disposto a apurar o cáliz que Xesús tería que beber⁷⁷, abofé que tivo que cumprir o que prometera e foi o primeiro dos apóstolos en sufrir o martirio pola espada por orde de Herodes por ser discípulo de Xesús e predicar a súa Palabra. Así e todo, o seu sacrificio mereceu o premio do trono da Gloria no que aparece sedente na imaxe pétreo que preside o retablo eumés. Xesús dilles que non saben o que piden, en opinión de san Xerome, “porque queren acadar do Señor un asento na gloria que aínda non tiñan merecido, porque xa lles gustaba o cumio do honor, pero antes tiñan que andar o camiño do esforzo”⁷⁸. Desexaban reinar nas alturas con Cristo, pero antes tiñan que sufrir humildemente por Cristo [...]. Ninguén pode reinar con Cristo se non está disposto a imitar a súa Paixón”⁷⁹.

Tamén se di nos responsorios do *Códice Calixtino* que, para ocupar o lugar da Gloria, “antes hai que pasar polo camiño da cruz”⁸⁰. Segundo o papa Calisto II (1119-1124), “o ínclito Apóstolo ergueu a copa da salvación porque aceptou por Cristo un martirio salvador igual ca Este por el, como lle prometera noutro tempo cando dixo: O meu cáliz si que o beberedes [...]. E como o gran de trigo, unha vez que morre, produce abondoso froito na terra, así o varón de Cristo, Santiago, despois do triunfo da súa paixón, xerou, coa intervención de Cristo, multitude de pobos que veñen onda el [...]. E son tantos os froitos cantos os que fan o seu Camiño desde remotos países do mundo ata Galicia, cos seus corpos rendidos e con grandes sacrificios, para bicar o sepulcro da súa basílica e pedir os seus favores. O seu froito permanecerá para sempre, porque a variada multitude de xentes que [...] concorre á súa basílica en Galicia para rezar, e con corazón puro e boas obras se volve a Deus Redentor, sen dúbida permanecerá con el eternamente no Ceo como froito recendente [...]. E a cantos, animados de bo desexo, van peregrinando onda el á terra de Galicia, a outros tantos fai pasar do mar do mundo de Galilea ao lugar do Paraíso”⁸¹.

76. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VII, p. 126.

77. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Mateo*, 20, 20-28, p. 73 e 74; e *Marcos*, 10, 35-45, p. 126 e 127.

78. O Camiño de Santiago que os peregrinos teñen que percorrer para chegar á meta onde os espera o Apóstolo é unha metáfora do camiño do esforzo que cómpre soportar para alcanzar o trono da Gloria. Os apóstolos Paulo e Bernabeu, na súa primeira viaxe misioneira, xa advertían de que “temos que pasar por moitos traballos para entrarmos no Reino de Deus”; cfr. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Feitos dos Apóstolos*, 14, 22, p. 312.

79. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo XVI, p. 197.

80. *Idem*, Libro I, capítulo XXIII, p. 277.

81. *Idem*, Libro I, capítulo VII, p. 135-138.

Así pois, Santiago, co seu martirio, como di o papa Calisto II (1119-1124), “dá exemplo aos que veñen onda el a Galicia de que deben morrer aos vicios e vivir para as virtudes imperecedoiras”⁸².

Tamén Beda o Venerable (672-732) asegura no *Códice Calixtino* que nós, “aínda que non teñamos que sufrir nada semellante [...], poderemos, con todo, beber o cáliz da salvación e acadar a palma do martirio se procuramos castigar o noso corpo e sometelo a servidume⁸³, se nos acostumamos a dirixir súplicas a Deus con espírito de humildade e alma contrita, se non tardamos en aceptar con espírito pacífico as aldraxes inflixidas polo próximo, se gozamos en amar mesmo aos que nos teñen odio ou nos fan inxustizas, en facerlles ben, en pedir pola súa saúde e pola súa salvación, se tamén nos esforzamos en adornarnos coa virtude da paciencia xunto cos froitos das boas obras”⁸⁴.

Antes do nacemento de Xesús Cristo, Deus Pai mandou a Moisés á cabeza do seu pobo de Israel para que fuxisen da escravitude á que estaban sometidos polo faraón de Exipto e conducilos á liberación; segundo asegura o papa Calisto II (1119-1124) no *Veneranda Dies*, “como eles entraron na terra prometida por medio de moitos traballos, así os peregrinos, para poder entrar na patria celestial prometida aos fieis, pasan por incontables trampas dos hospedeiros, por subidas aos montes e baixadas aos vales, por medo dos bandidos e angustias de infinidade de traballos para poder pedir a protección dos santos”⁸⁵.

Consonte asevera o papa Calisto II (1119-1124) nun dos seus sermóns recollidos no *Códice Calixtino*, Santiago Zebedeo está tanto máis próximo a Xesús Cristo, “honrado na gloria, canto foi o seu imitador antes cós demais apóstolos na paixón [...]. A transfiguración do noso Salvador [no monte Tabor, diante de Pedro, Santiago e o seu irmán Xoán] pon de manifesto de maneira simbólica a forma da resurrección futura e a aparencia da vida eterna [...], suxire que o mesmo Unixénito de Deus, luz eterna, virá no momento do xuízo e levará aos seus elixidos da corrupción á incorrupción, da mortalidade á inmortalidade, do máis baixo á altura dos ceos, e coa luz do seu rostro fará que nos alegremos coa futura resurrección, a que Santiago viu simbolicamente no mesmo monte”⁸⁶.

O corpo central do retablo pictórico, que se completa coa imaxe pétrea de Santiago sedente e triunfante no trono da Gloria, é a representación da recompensa que logra aquel que segue o camiño marcado por Xesús, acepta o sacrificio expiatorio, simbolizado na cruz do bordón en forma de tau, e persevera nas boas obras, como mandan os Evanxeos predicados por Santiago na Nosa Terra. A peregrinación a Santiago non é máis que unha metáfora do camiño da vida, que require esforzo e sacrificio para chegar á meta desexada.

82. *Idem*, Libro I, capítulo VII, p. 138.

83. Como o fan os peregrinos soportando os sacrificios e inclemencias do Camiño de Santiago.

84. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VIII, p. 146 e 147.

85. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 217.

86. *Idem*, Libro I, capítulo V, p. 88 e 93.

O tímpano do Pórtico da Gloria, na meta do Camiño de Santiago, está presidido por Xesús Cristo coroado e sentado no trono celeste, que mostra nas mans erguidas e nos pés espidos as feridas dos cravos da crucifixión e no costado dereito o sangue vertido pola lanza de Lonxinos, e aparece rodeado do tetramorfos coas imaxes e símbolos dos evanxelistas –á súa dereita están Xoán coa aguia e Lucas co boi, e á esquerda, Mateo como representación do home e Marcos co león– que indican que o sacrificio expiatorio, as boas obras e o Evanxeo marcan o camiño que cómpre seguir. Debaixo do tímpano aparece, no parteluz, a figura sedente e nimbada de Santiago na Gloria, co bordón en forma de tau na man esquerda, simbolizando o sacrificio de Xesús Cristo na cruz para a redención dos homes, e o pergameo na dereita, representando os Evanxeos predicados polo Apóstolo na Península Ibérica para cumprir nestas terras a misión que Xesús lles encomendara a el e aos demais compañeiros antes da súa Ascensión ao Ceo: ir polo mundo enteiro, anunciándolle a Boa Nova a toda a creación.

A idea expresada polo Mestre Mateo no seu monumental Pórtico da Gloria é a mesma que hoxe se mostra na parte central do retablo de Pontedeume. O sacrificio salvador e redentor de Cristo está representado neste caso pola imaxe de Xesús cravado nunha cruz en forma de tau no ático e na escena da Piedade, que colle no colo ao seu fillo morto e xa desencravado e deixa ver as feridas dos cravos na man dereita –a esquerda non se pode ver– e nos pés espidos e o sangue vertido pola lanza do centurión –en ambas as dúas táboas está o evanxalista Xoán–. Como no Pórtico da Gloria, tamén aquí aparece, debaixo das representacións do Salvador, a de Santiago sedente e en maxestade, co bordón en forma de tau na man dereita como representación da cruz redentora e o pergameo que simboliza que predicou o Evanxeo nestas terras.

3. REPRESENTACIÓNS DO APÓSTOLO SANTIAGO

O vinte e cinco de xullo do ano 1947, un desterrado Castelao está en Francia e prepara o seu regreso coa súa muller a Bos Aires, “onde nos espera unha Galiza ideal, capaz de consolarnos de non poder morrer na Terra que nos dou a vida, na Patria que sempre está no noso corazón [...]. En espera do embarque consumín un bocado de tempo na catedral de Marsella, a cavilar sobor da siñificación que para nós ten o día do Apóstolo, convertido en Día de Galiza por ser a mellor afirmación do noso universalismo, pois sendo tan galega esta festividade non caben os seus motivos no estreito marco dunha soia patria [...]. Pero a triple siñificación deste día márcase máis nidiamente nas tres formas iconográficas do Apóstolo Sant-Iago; a forma europea, a forma hispana e a forma galega. Europa representou ao Apóstolo Sant-Iago a semellanza dos seus pelengríns: con esclavina e chapeu cobertos de cunchas-vieiras, un bordón na man dereita e un libro na esquerda, os pés descalzos i en actitude de andar [...], símbolo da alma viaxeira de Europa [...]. Hespaña representou ao Apóstolo Sant-Iago á semellanza dos guerreiros da

Reconquista: montado nun cabalo branco e brandindo unha espada, terror dos sarracenos, xa vencidos e derrubados no chan, tal como foi descrito por Afonso o Sabio na súa referencia da batalla de Clavijo [...], único caso dun Apóstolo de Cristo representado en forma pouco evanxelizadora. Galiza representou ao Apóstolo Sant-Iago a semellanza dos Patriarcas: sentado en maxestade, un bastón na man esquerda e un pergameo na dereita, a cabeza erguida, os ollos enfiados cara o ñoto Oucidente e os beizos a repetiren aquel psalmo de David: «No mar están os teus camiños e nas moitas augas as túas sendas». Así o representou o mestre Mateo e así o esculpeu no Pórtico da Gloria, con réplica no altar maor, para recibir aos antigos visitantes da súa catedral e decirlles que o mundo non acaba en Galiza, que Galiza non era un Fisterra senón un peirán avanzado de Europa cara o continente que aínda estaba por descubrir [...]. Pola virtude dos camiños que conducían a Galiza, onde os diversos pobos da cristiandade se axuntaban e chegaron a cantar un mesmo himno, fíxose posible a unidade espiritual de Europa, a única conciencia moral europea que no decorrer dos séculos se pudo rexistrar. Polos ideaes cabaleirescos da Edade Media, creados polo xenio celta e nutridos pola fe que o sepulcro apostólico inspiraba, cerrouse Hespaña á marea sarracena e pudo salvarse a civilización occidental. E polo desexo de proseguir o Camiño de Sant-Iago alén do cabo Fisterra, venceuse o mar tenebroso e fíxose posible o descubrimento de América. Velaí as tres sendas, os tres espritos en que é doado afincar a gloria deste día, un día tan grande que non hai outro que teña raíces máis fondas no sentimento popular galego, nin categoría universal máis elevada”⁸⁷.

O apoteótico altar maior barroco da catedral compostelá, situado sobre a edícula que garda os sagrados restos do Apóstolo, acolle en tres andares estas representacións de Santiago sinaladas por Castela.

A galega, con Santiago en maxestade, aparece na primeira planta. O Apóstolo dispónse sedente no trono celeste e coroado de gloria por mor do seu martirio. Esta imaxe do século XIII mostra un rostro barbado, feliz e sereno, coa auréola que simboliza a súa santidad. O dedo índice da man destra sinala un pergameo no que está escrito en latín que “aquí se atopa o corpo do divino apóstolo Santiago e patrón dos españois”, e coa esquerda sostén o bordón coa cabaza. No pontificado do arcebispo Monroy (1685-1715) a imaxe foi revestida por unha fermosa esclavina de prata e pedras preciosas que os peregrinos bican cando lle van dar o tradicional abrazo. No peito porta a cruz en forma de espada e vermella polo sangue vertido no seu martirio. Os pés espidos asoman baixo a dourada túnica do Apóstolo.

Así e todo, a representación máis sublime do Apóstolo en maxestade é a que o Mestre Mateo labrou no parteluz do Pórtico da Gloria. As engaiolantes imaxes do conxunto fixéronlle exclamar a Rosalía de Castro: “¿Estarán vivos?, serán de pedra / aqués sembrantes tan verdadeiros, / aquelas túnicas maravillosas, / aqueles ollos de vida cheos? / Vós que os fixeches de Dios c’axuda / de inmortal nome, Mestre Mateo, / xa que

aí quedaches homildemente / arrodillado, falaime deso; / mais con eses vosos cabelos rizados, / Santo dos Croques, calás... i eu rezo⁸⁸.

A representación iconográfica de Santiago en maxestade, sedente no trono celeste, está avalada polo sermón do papa Calisto II (1119-1124) co gallo do “refulxente e festivo día do gloriosísimo e egregio Santiago de Zebedeo, no que o santo Apóstolo, patrón de Galicia, libre dos lazos da carne, subiu aos ceos unido aos coros dos anxos⁸⁹, recollido no capítulo VII do Libro I do *Códice Calixtino*, no que afirma que ese día toda a Igrexa debe alegrarse porque “o Apóstolo, cinguido coas armas da fe, triunfou de Herodes. Hoxe o soldado de Cristo, vencido o inimigo, prostrado Herodes, sobe ao palacio do Rei eterno para sentar cos príncipes do Ceo e posuír o trono da gloria. Percorreu felizmente o estadio do martirio, polo que mereceu para sempre o premio do reino celestial⁹⁰.



Imaxes de Santiago en maxestade no Pórtico da Gloria e no *Códice Calixtino*

Noutro dos seus sermóns, o papa Calisto II (1119-1124) di que “é moi digno de veneración este Santiago que, tendo a primacía no ilustre colexio dos apóstolos, mereceu ser coroado o primeiro deles co martirio, subir aos ceos, ter o primeiro o cetro da vitoria, a coroa de gloria e unha morada no ceo [...]. Por iso está claro que está sentado no coro dos apóstolos laureado en primeiro lugar polo martirio. Porque Cristo Noso Señor, que distribúe os seus dons a cadaquén segundo quere [...], el mesmo deulle a Santiago, o seu

88. CASTRO, R. DE: *Follas Novas*, A Coruña, 2001, p. 66.

89. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro I, capítulo VII, p. 114.

90. *Ibidem*.

predilecto, a primacía no ceo polo primeiro triunfo do seu martirio. E polo mesmo está tanto máis próximo a El, honrado na gloria, canto foi o seu imitador antes cós demais apóstolos na paixón”⁹¹.

Ademais, no mesmo *Códice Calixtino* aparece encabezando o Libro I unha espléndida miniatura do apóstolo Santiago en maxestade, sedente no trono da Gloria, que bendice cos dedos índice e maior da man dereita o pobo que evanxelizou. Viste unha túnica vermella, como o sangue derramado no seu martirio pola espada, pola que lle asoman os pés espidos, e capa verde con amplos pregues. Suxeita coa man esquerda o Libro dos Apóstolos e sobre a cabeza leva a auréola da santidad.

O segundo andar do altar maior acolle a representación europea de Santiago peregrino, con túnica, esclavina e sombreiro, e o pé esquerdo lixeiramente adiantado, en actitude de camiñar. Porta na man dereita o bordón coa cabaza e na esquerda, o Libro dos Apóstolos que simboliza a evanxelización destas terras. Axeonllados aos seus pés están catro reis hispanos: Afonso II o Casto (791-842), que mandou construír, despois da *inventio* ou descubrimento, o primeiro templo que albergou os sagrados restos de Santiago e impulsou as peregrinacións a Compostela; Ramiro I (842-850), que instituíu o Voto de Santiago despois da mítica intervención do Apóstolo na batalla de Clavijo que tanta riqueza lle trouxo á Igrexa compostelá; Fernando II o Católico (1474-1516), que mandou edificar o Hospital Real para peregrinos hoxe convertido en Hostal dos Reis Católicos; e Filipe IV (1621-1665), que instituíu en 1643 a ofrenda anual de mil escudos de ouro, que aínda hoxe realiza o rei de España nos Anos Santos e un delegado rexio nos restantes, ben que limitada a unha invocación ao Apóstolo e non dotada economicamente porque se considera incluída na cantidade que o Estado lle achega á Igrexa española por mor dos acordos entre España e o Vaticano⁹².

Desde a *inventio* dos restos do corpo santo do Apóstolo atopados polo eremita Paio e o bispo Teodomiro (810?-847) no primeiro cuarto do século IX no bosque Libredón, centro do que logo sería Santiago de Compostela, chegaron á cidade peregrinos de todos os pobos da terra que a converteron na capital cultural e espiritual do europeísmo. Como afirma con paixón e algo de esaxeración Otero Pedrayo, “talvez podería escribirse unha historia do mundo sen citar máis que unha cidade ibérica: Compostela. Ela, sen forza política nin autoridade dogmática, dinamizou o Occidente, a peregrinación creou o camiño e este, conectando, elevando e afirmando ás diversas xentes de Europa e do mundo, foi camiño de perfección da conciencia europea”⁹³.

91. *Idem*, Libro I, capítulo V, p. 88.

92. Véxase PRESAS BARROSA, C.: *Las Ofrendas Nacionales a Santiago Apóstol, Patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002, p. 19-75. O primeiro oferente que utilizou a lingua galega nunha parte da súa invocación foi o presidente da Xunta de Galicia Xerardo Fernández Albor en 1984, o primeiro arcebispo en empregar o galego nunha parte da súa contestación foi Rouco Varela (1984-1994) en 1985 e o primeiro monarca en usar o galego na invocación foi Xoán Carlos I (1975-2014) no ano 1993. O actual rei Filipe VI (2014) quixo vir a Santiago en 2014 a realizar a primeira ofrenda do seu reinado, malia non ser Ano Santo, e pronunciou tamén parte do seu discurso na nosa lingua.

93. Tomado e traducido de OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. A Coruña, 2004, p. 138 e 139.

Neste mesmo sentido, Álvaro Cunqueiro reafirma tamén a alma europea de Galicia, manifestada nas distintas rutas xacobeas que conducen ata Santiago, e considera que, “posto no Camiño, eterno coma un río, todo se me fai doado e prodixioso. Incluso que as nacións europeas se atopen nel, e del aprendan a mesma canción de fe, esperanza e caridade”⁹⁴.

Este espírito europeísta e universal do Camiño de Santiago foi tamén proclamado polo papa Xoán Paulo II (1978-2005) na súa peregrinación a Compostela no Ano Santo de 1982⁹⁵, e máis tarde recoñecido polo Consello de Europa, que o declarou Primeiro Itinerario Cultural Europeo en 1987, e pola UNESCO, que o considerou como Ben Patrimonio da Humanidade en 1993.

O papa Calisto II (1119-1124), no tantas veces citado sermón coñecido como *Veneranda Dies*, sinala como modelos de peregrinos a Adán, Abraham, Xacob, os fillos de Israel, Cristo e os apóstolos, entre os que destaca a Santiago o Maior. “Adán considérase o primeiro peregrino, porque, cando saíu do paraíso pola transgresión do precepto de Deus, foi enviado ao desterro deste mundo e foi salvado polo sangue de Cristo e a súa graza. De maneira semellante, o peregrino, saíndo da súa terra, é enviado polo sacerdote como a un desterro en peregrinación polos seus pecados, e pola graza de Cristo recibe a salvación se se confesa ben e acaba a súa vida cumprindo a penitencia que se lle impuxo. O patriarca Abraham foi peregrino, porque marchou da súa patria a outra tal como lle ordenou o Señor [...]. O patriarca Xacob foi igualmente peregrino, porque, saíndo da súa patria, peregrinou a Exipto e quedou alí [...]. Tamén os fillos de Israel foron peregrinos cando marcharon de Exipto á terra de promisión entre diversas probas de traballos, guerras e adversidades [...]. O propio Señor Xesús Cristo, despois de resucitar de entre os mortos, ao volver de Xerusalén, foi o primeiro peregrino, conforme lle dixeron os apóstolos cando lle saíron ao encontro [...]. Tamén os apóstolos foron despois peregrinos, porque o Señor mandounos sen diñeiro e sen calzado. Por esta razón non se lles permite de ningunha maneira aos peregrinos levar diñeiro, a non ser para repartilo entre os pobres. Se os enviou sen diñeiro, ¿que será daqueles que agora fan o Camiño con ouro e prata, comendo e bebendo abundantemente e non comparten nada cos pobres? Non son en verdade peregrinos, senón bandidos e ladróns de Deus”⁹⁶.

As representacións de Santiago como peregrino tiñan como principais atributos o bordón coa cabaza, o zurrón, o Libro dos Evanxeos que predicara nestas terras e simboliza o camiño a seguir para acadar a salvación, o sombreiro de aba larga, a esclavina e a cuncha de vieira.

94. Tomado e traducido de CUNQUEIRO, A.: “El Camino y los milagros”, en RIVERA PEDRERO, D. (ed.): *Álvaro Cunqueiro. 100 artigos*, A Coruña, 2001, p. 172.

95. Desde a catedral compostelá, ao pé do Obradoiro, o papa Xoán Paulo II (1978-2005) recoñece que “Europa enteira se atopou a si mesma arredor da memoria de Santiago nos séculos en que se edificaba como continente homoxéneo e unido espiritualmente”. Na catedral de Santiago, na capela que acolle a imaxe do Santiago matamouros de Gambino, hai labrada unha imaxe do pontífice que lembra esta visita do nove de novembro de 1982 e outra que fixo o dezanove de agosto de 1989.

96. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...., op. cit.*, Libro I, capítulo XVII, p. 216-218.

Como ben di o papa Calisto II (1119-1124), “non sen razón os que se dirixen aos santuarios reciben da Igrexa un bordón e un zurrón⁹⁷ benditos [...]; dámoslles un zurrón bendito conforme ao rito da Igrexa dicindo: «No nome do Noso Señor Xesús Cristo recibe este zurrón, signo da túa peregrinación, para que ben purificado e emendado merezas chegar ao sepulcro de Santiago, onde desexas camiñar, e, rematado o teu camiño, volvas con gozo, san e salvo onda nós, coa axuda do que vive e reina, Deus polos séculos dos séculos. Amén» [...]. Polo zurrón, que os italianos chaman escarcela, os provenzais estorta, os galos isquirra, representase a xenerosidade das esmolas e a mortificación da carne [...]. O feito de que o zurrón sexa un saquiño estreito significa que o peregrino, confiado no Señor, debe levar consigo unha pequena e módica despensa. O que estea feita de coiro dun animal morto significa que o peregrino debe mortificar a súa carne xunto cos vicios e as concupiscencias con fame e sede, con moitos xaxúns, con frío e pouco vestido, con moitas penalidades e traballos. O feito de que non estea atado, senón sempre aberto, significa que debe compartir primeiro o seu cos pobres e que despois debe estar preparado para dar e para recibir⁹⁸”.

Conta tamén o *Veneranda Dies* que, “igualmente, cando lle entregamos o bordón dicimos: «Recibe este bordón, apoio da marcha e do esforzo, para o camiño da túa peregrinación, para que poidas vencer todas as catervas do inimigo e chegar seguro ao sepulcro de Santiago, e, rematado o teu percorrido, volvas con gozo onda nós, coa anuencia daquel que vive e reina, Deus por todos os séculos dos séculos. Amén» [...]. Polo bordón, que o peregrino recibe coma un terceiro pé para apoiarse, simbolízase a fe na Santa Trindade, na que debe manterse. O bordón é a defensa do home contra os lobos e os cans. O can adoita ladrarlle ao home e o lobo, comer as ovellas. Polo can e polo lobo simbolízase o Demo, tentador do xénero humano. O Demo ládralle ao home cando incita a súa mente a pecar co ladrado das súas tentacións. Morde coma o lobo cando atrae os seus membros a pecar e engole coas súas voraces fauces a súa alma polo hábito do pecado⁹⁹”.

Este rito da entrega do zurrón e o bordón benditos foi recollido tamén no códice XLVIII do *Misal de Vic*, datado en 1038 e conservado na Biblioteca Capitular de Vic: “Surgentes a terra imponat eis episcopus sive presbyter sportas et det baculum” (Postos en pé, o bispo ou o sacerdote imponlles o zurrón e mais o bordón).

Tamén adoitan levar as imaxes de Santiago un sombreiro e unha esclavina. Algúns destes elementos incorporan decote como adorno a cuncha de vieira que simboliza a peregrinación a Santiago. Consonte o *Veneranda dies*, “os peregrinos que volven de Xerusalén traen as palmas e os que volven do santuario de Santiago levan cunchas. Porque a palma simboliza o triunfo; a cuncha, as boas obras [...]. Os peregrinos que volven do sepulcro de Santiago cósenas nas súas capas e lévanas con moita alegría ás súas casas para

97. López Díaz na súa magnífica tradución utiliza a palabra mochila, á que nós chamaremos zurrón porque neste caso nos parece un termo máis axeitado e xacobeo.

98. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 214 e 215.

99. *Ibidem*.

honra do Apóstolo en sinal dunha viaxe tan importante. Polos dous escudos cos que se protexe o marisco polos dous lados represéntanse os dous preceptos da caridade, cos que debe protexer a súa vida o que os leva de verdade, a saber: amar a Deus sobre todas as cousas e ao próximo como a si mesmo. Ama a Deus o que garda os seus mandamentos; ama ao próximo como a si mesmo o que non fai a outro o que non quere para si e fai aos demais o que xustamente quere para el¹⁰⁰.

Ademais, o milagre XII do Libro II do mesmo *Códice Calixtino* conta que “a un cabaleiro en terras de Apulia inchóuselle a gorxa coma un odre cheo de aire. E ao non atopar en ningún médico remedio que o sandase, confiado no apóstolo Santiago, dixo que, se puidese atopar algunha vieira das que adoitan levar consigo os peregrinos que volven de Santiago e tocase con ela a súa gorxa enferma, tería remedio inmediato. E ao atopala na casa dun peregrino veciño seu, tocou a súa gorxa e sandou. E desde alí marchou ao sepulcro do Apóstolo en Galicia¹⁰¹”.

Esta cuncha da vieira mesmo aparece no zurrón que leva Cristo nun relevo labrado no mosteiro de Santo Domingo de Silos no que se representa a escena do Salvador resucitado e peregrino en Emaús con dous dos seus discípulos, que camiñan ao seu carón e só o recoñecen cando realizan a partición do pan, como na Derradeira Cea¹⁰².



Cristo en Emaús de Santo Domingo de Silos e Santiago peregrino na Porta Santa do seu santuario



100. *Idem*, Libro I, capítulo XVII, p. 115 e 116.

101. *Idem*, Libro II, capítulo XII, p. 356.

102. FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo...*, op. cit., *Marcos*, 16, 12-13, p. 143; e *Lucas*, 124, 35, p. 210 e 211.

Talvez a máis emblemática representación de Santiago como peregrino, aínda que non leva o zurrón pero si o bordón coa cabaza, o Libro dos Evanxeos, a cruz en forma de espada, as cunchas de vieira, o sombreiro e a esclavina é a que se dispón baixo un arco de medio punto na Porta Santa da catedral compostelá, que se abre os Anos Santos para acoller os peregrinos chegados principalmente desde todos os países de Europa pero tamén do mundo polas diversas rutas do Camiño Xacobeo. A carón de Santiago aparecen, ataviados cos seus mesmos atributos, un á súa dereita e o outro á esquerda, baixo senllos arcos de medio punto, Teodoro e Atanasio, os dous discípulos que o trouxeron en barco desde Jaffa ao porto de Iria para o enterrar na terra onde predicara e que foron sepultados anos despois co seu mestre.

No ático do altar maior da catedral compostelá dispónse a representación española de Santiago matamouros, montado nun brioso cabalo branco, vestido de soldado e tocado cun sombreiro coa cuncha de vieira. Na súa destra brande a espada flamíxera coa que somete os mouros que ten aos seus pés. Diante da imaxe aparece o escudo real da nación española que o fixo o seu padroeiro e protector.

Talvez a imaxe máis emblemática do matamouros sexa a que mandou facer o arcebispo Bartolomé Rajoy (1751-1772) no palacio neoclásico que leva o seu nome e que é sede da presidencia da Xunta de Galicia e do Concello compostelán. Así e todo, o tímpano que representa a batalla de Clavijo e a monumental estatua ecuestre do Apóstolo que coroa o edificio foron executados pouco despois da morte do prelado eumés. No contrato de obra, asinado o catro de decembro de 1774 por don Tomás Moreira, testamenteiro designado polo noso paisano o arcebispo, que ostentaba tamén a representación do Cabido, encárgaselles ao escultor Gambino e ao seu xenro Ferreiro que, seguindo o modelo do debuxo realizado por Gregorio Ferro, “han de hacer en el Tímpano con que remata el medio frontis de la obra de dicho Seminario, que está próxima a concluirse, la Medalla de la Batalla de Clavijo, arreglada en un todo y con la misma perfección que la han formado los dichos Gambino y Joseph Ferreiro en el modelo que se remitió a la villa y Corte de Madrid y aprobó D. Felipe de Castro, Estatuerio de Su Majestad”¹⁰³, que fora executada en cera. No tocante á figura pétreo do matamouros, o contrato esixe que han de estar “Santiago a caballo y éste en postura de galope, sostenido el grupo de Moros, según la altura y grandor que presenta el plan del frontis de toda la obra, formado por el Ingeniero D. Carlos Lemaur, Theniente Coronel de los Ejércitos de Su Magestad: Y además de dichas figuras asimismo han de hacer los dos esclavos que se hallan en el plan de dicho D. Carlos, conforme en él están arrimados a la peana que sostiene dicho Grupo”¹⁰⁴.

Ademais, o transepto da catedral compostelá, acolle no lado da Epístola, á esquerda da entrada pola fachada das Praterías, nun tímpano da porta do claustro medieval, un relevo de principios do século XIII coa figura de Santiago dacabalo, rodeado

103. Tomado de OTERO TÚÑEZ, R.: *Rajoy, constructor*, “Cátedra”, 8, Pontedeume, 2001, p. 77.

104. *Idem*, p. 78.

de anxos e adoradores, coa espada en alto na man dereita e, na esquerda, o lábaro do exército dos cristiáns, que conmemora a milagrosa aparición do Apóstolo na batalla de Clavijo. No outro lado do transepto, á dereita da entrada pola Porta do Paraíso ou da Acibechería, nunha pequena capela, aparece un Santiago matamouros barroco realizado polo mestre Gambino que, montado sobre un cabalo branco coas patas dianteiras levantadas, porta o estandarte dos cristiáns na súa man esquerda e somete coa espada que brande na dereita a tres soldados mouros armados cos seus alfanxes mentres que a cabeza doutro sarraceno roda polo chan, moi semellante, malia que realizado en madeira, ao que coroa o pazo de Raxoi.

Conta Arribas Briones que, pouco despois da vitoria das tropas nacionais, se celebrou en Santiago un desfile militar no que participaban os regulares procedentes de Marrocos que apoiaron a causa franquista e no que sacaron en procesión a imaxe do matamouros de Gambino. Por non ofender aos camaradas musulmáns, decidiron cubrir de flores os soldados mouros abatidos por Santiago e quitarlle ao santo a espada que brandía na súa man dereita. Cando viron a imaxe



Imaxes dos matamouros de Gambino da catedral de Santiago e do Pazo de Raxoi



do seu padroeiro co puño en alto, os composteláns máis retranqueiros preguntaban se o Apóstolo se fixera comunista¹⁰⁵.

Na actualidade, aínda que o Cabido compostelán, despois dun debate sobre a retirada deste conxunto escultórico, finalmente decidiu mantelo na capela catedralicia, trata sempre de tapar cun fermoso e tupido centro de flores as figuras dos mouros derrotados.

Arribas Briones relata tamén con retransca os apuros que pasaron no pazo de Raxoi para tapar a xa citada figura de pedra do matamouros, que preside o edificio mandado construír polo prelado eumés que lle deu nome, cando o capitán xeneral de rexión militar de Galicia, entre 1953 e 1955, o mouro Mohamed ben Mizzian, visitaba Compostela desde A Coruña¹⁰⁶.

Castelao constata a imaxe eminentemente viaxeira, peregrina e pacificadora que a figura do Apóstolo ten en toda Europa, en aberta antítese coa do matamouros que representa a épica castelá. Así, o vinte e cinco de xullo de 1923, co gallo da festividade de Santiago, publica un debuxo na primeira páxina do diario *Galicia*, de Vigo, titulado *Os dous espritos*, no que Santiago matamouros aparece etiquetado como “O deles”, referíndose aos españois que defenden esta imaxe guerreira inspirada na súa aparición a prol das tropas cristiás contra os sarracenos na batalla de Clavijo, e contrapono ao Santiago en maxestade, ao que lle chama “O Noso”, evanxelizador e defensor do espírito de concordia, inspirado no do parteluz no Pórtico da Gloria, en cuxo nimbo relocen os sete

brillantes representativos das antigas provincias galegas viventes ata 1883, A Coruña, Betanzos, Santiago de Compostela, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui, que tamén figuran no escudo de Galicia en forma de cruces rodeando o Cáliz e a Hostia que simbolizan o Santo Graal e o milagre do Cebreiro.

Aínda que o certo é que o Santiago do Pórtico da Gloria ten nove brillantes e non os sete que debuxa Castelao para os identificar coas antigas provincias galegas, entre outras cousas porque no século XII Galicia non tiña esta división territorial, a figura que representa ao Apóstolo en maxestade foi a máis querida polos vellos galeguistas.



Debuxo dos dous Santiagos de Castelao

105. ARRIBAS BRIONES, P.: *Pícaros y picaresca en el Camino de Santiago*, Burgos, 1993, p. 389.

106. *Ibidem*.

Esta idea de Castelao é tamén defendida, mesmo con maior ardor e contundencia, por Ramón Cabanillas no seu soneto titulado *O noso señor Santiago*: “¡O do bordón, das cunchas e da estrela, / Patrón da Terra nosa, aloumiñado / de saudosa paz, no esgrevio estrado / da enxebre catedral de Compostela! // Así te adoura nosa fe sinxela: / no teu trono de prata encadeirado, / a man a benzoar, asesegado, / esquecido das loitas de Castela. // O teu cabalo branco como a neve, / a túa espada de rebrilos louros / e o relembro das tráxicas fazañas // ¡que, arredado de nós pra sempre, os leve / o pobo que te alcuña matamouros, / a sanguinosa xente das Españas!”¹⁰⁷.

Máis tarde, Uxío Novoneyra rexeitou tamén nos seus versos a imaxe do Apóstolo belicoso, nun poema titulado *Santiago matamouros*, incluído no libro *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago*, que é unha especie de relato odepórico en verso: “Erguida irada traza cabaleira, / Santiago da espada i a bandeira: / a imaxe que el nunca quixera / porque non ten nada do que era”¹⁰⁸.

Así e todo, o *Códice Calixtino*, mandado realizar polo primeiro arcebispo de Santiago de Compostela, Diego Xelmírez (1120-1140), defende a imaxe de *miles Christi* do Apóstolo e fai que sexa o propio Santiago o que se lle aparece nun soño a Carlomagno (800-814), daquela considerado emperador de Europa, e lle pida, antes da *inventio* do seu corpo no bosque Libredón, que libre a súa terra dos sarracenos. “Eu son, contestou, o apóstolo Santiago [...] a quen coa súa inefable graza se dignou elixir o Señor, preto do



Miniatura do *Códice Calixtino* coa aparición do Apóstolo nun soño de Carlomagno

107. CABANILLAS, R.: *Da terra asoballada*, A Coruña, 2001, p. 56.

108. NOVONEYRA, U.: “Santiago matamouros”, en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999, p. 146.

mar de Galilea, para predicar aos pobos, a quen fixo perecer pola espada o rei Herodes e cuxo corpo descansa descoñecido en Galicia, que aínda está vergoñosamente oprimida polos sarracenos [...]. Fágoche saber que, así como o Señor te fixo o máis poderoso dos reis da terra, de igual maneira te elixiu entre todos para preparar o meu camiño e liberar a miña terra das mans dos sarracenos, e procurarche así unha coroa como recompensa eterna. O camiño de estrelas que viches no ceo significa que irás desde estas terras ata Galicia cun gran exército combater as pérfidas xentes pagás, e liberar o meu camiño e a miña terra, e visitar a miña basílica e sepulcro”¹⁰⁹. Carlomagno (800-814) comezou a tarefa que o Apóstolo lle encomendara e, “despois de reunir moitos exércitos, entrou en España para combater aos pérfidos xentís”¹¹⁰, tomou Pamplona, “a primeira cidade que cercou co asedio [...]. Despois de ir visitar o sepulcro de Santiago, chegou a Padrón sen achar resistencia e cravou unha lanza no mar, dando grazas a Deus e a Santiago por levalo alí, ao tempo que dicía que non puidera ir antes [...]. Despois percorreu toda España de mar a mar”¹¹¹.

Esta escena da aparición nun soño de Santiago a Carlomagno está representada nunha das fermosas miniaturas que recolle o valioso exemplar do *Códice Calixtino* realizado no tempo do arcebispo compostelán Berenguel de Landoire (1317-1330) e conservado na biblioteca da Universidade de Salamanca, que ademais presenta tamén outra na que se dispón o Apóstolo, sobre un fondo vermello con cunchas de vieira douradas, dacabalo, coa auréola da santidade na cabeza, a espada na dereita e o estandarte coa cuncha de vieira e rematado nunha cruz na esquerda.

Aínda que o sermón *Veneranda Dies* resalta, como xa vimos, a vocación de peregrino, evangelizador e hospitalario de Santiago e os seus demais compañeiros de apostolado, o *Códice Calixtino*, volve defender unha vez máis a imaxe de *miles Christi* de Santiago no capítulo XIX do Libro II, onde se conta o milagre acontecido a un bispo grego chamado Estevo que renunciou á súa dignidade episcopal para vir como peregrino a Compostela. Un día, cando estaba entregado á oración, viu como un grupo de peregrinos invocaba a Santiago chamándolle cabaleiro. Estevo díxolles que debían chamarlle pescador e non cabaleiro ao santo. Así e todo, esa mesma noite aparecéuselle nun soño o “Apóstolo, vestido de branquísimas roupas e cinguido con armas militares que refulxían máis cós raios do sol, convertido en perfecto cabaleiro, e ademais con dúas chaves na man. E chamándoo tres veces, faloulle así: –Estevo, servo de Deus, que mandaches que non me chamasen cabaleiro, senón pescador, por iso me aparezo nesta forma para que non dubides máis de que milito ao servizo de Deus e son o seu atleta e que na loita contra os sarracenos marcho á cabeza dos cristiáns e saio vencedor por eles. Consegúin do Señor ser protector e auxilio de todos os que me aman e invocan de todo corazón en todos os perigos. E para que creas isto máis firmemente, con estas chaves que teño na man abrirei

109. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit.*, Libro IV, capítulo I, p. 396.

110. *Ibidem*.

111. *Idem*, Libro IV, capítulo II, p. 397.



Imaxe do Santiago matamouros no Códice Calixtino

mañá ás nove as portas da cidade de Coimbra que leva sete anos asediada por Fernando, rei dos cristiáns, e, unha vez que entren nela, devolveréillela ao seu poder. Dito isto, esvaeceuse da súa vista”¹¹².

Por outra parte, a *Primera Crónica General*, recolle unha nova aparición de Santiago nun soño do rei Ramiro I (842-850), a noite antes da mítica batalla de Clavijo, ao que lle anuncia a súa aparición como *miles Christi* dacabalo no combate para axudar o seu exército. “Sepas que Nuestro Sennor Jhesu Cristo partio a todos los otros apostoles mios hermanos et a mi todas la otras prouincias de la tierra, et a mi solo dio a Espanna que la guardasse et la amparasse de manos de los enemigos de la fe [...]. Rey Ramiro, esfuerça en tu coraçon, et sey bien firme et fuerte en tus fechos, ca yo so Yague, el apostol de Jhesu Cristo et vengo a ti por ayudarte contra estos tus enemigos. Et sepas por uerdad que tu uençras cras en la mannana con el ayuda de Dios a todos estos moros que te agora tienen cercado. Et digote que tomaran y muerte muchos de los tuyos, a los que esta apareiada la gloria de dios et la su folgança que siempre durara. Et por que non dubdes nada en esto que te yo digo ueer medes cras andar y en la lid en un cauallo blanco con una senna blanca, et gran espada reluzient en la mano. Et uos luego por la grand mannana confessaruos edes de todos uestros peccados muy bien, et recibredes el cuerpo et la sangre de Nuestro Sennor Dios et nuestro Saluador; et pues que esto ouieredes fecho, non dubdedes nada de yr ferir en la hueste de los barbaros, llamando «Dios, ayuda, et sant Yague», ca ciertamientre sepas que todos los metredes a espada et los mataredes”¹¹³. No medio da batalla, os cristiáns, “quando uieron a sant Yague, fueron muy esforçados, et fiando en el ayuda de Dios et del apostol sant Yague, començaron de ferir en los moros muy de rezio, dando grandes uozes et diziendo: «Dios, ayuda, et sant Yague». Los moros fueron luego al ora uençidos; et murieron y bien LXX uezes mill dellos, assi como cuenta la estoria. Et los otros que escaparon, fuxieron todos los que pudieron foyr”¹¹⁴.

A defensa que desde a literatura española se fixo da figura de Santiago como protector de España fronte aos ataques sarracenos, parece darlle a razón a Castelao. Miguel de Cervantes no capítulo LVIII da segunda parte do *Quijote* faille dicir ao seu protagonista: “Este gran caballero de la cruz bermeja háselo dado Dios a España por patrón y amparo suyo, especialmente en los rigurosos trances que con los moros los españoles han tenido, y así lo invocan y llaman, como defensor suyo, en todas las batallas que acometen, y muchas veces le han visto visiblemente en ellas, derribando, atropellando, destruyendo y matando los agarenos [sarracenos] escuadrones; y desta verdad te pudiera traer muchos ejemplos que en las verdaderas historias españolas se cuentan”¹¹⁵. Así e todo, Sancho, coa súa retransa e presunta inxenuidade, destrúe un pouco

112. *Idem*, Libro II, capítulo XIX, p. 268 e 269.

113. Véxase MENÉNDEZ PIDAL, R. (ed.): *Primera crónica general: Estoria de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289*, Madrid, 1906, p. 360.

114. *Ibidem*.

115. RIQUER MORERA, M. DE (ed.): *Miguel de Cervantes. Don Quijote de la Mancha segunda parte*, Barcelona, 1994, capítulo LVIII, t. II, p. 1150.

o mito cando lle pide que lle diga “qué es la causa por que dicen los españoles cuando quieren dar alguna batalla, invocando aquel san Diego Matamoros, «¡Santiago y cierra España!». ¿Está por ventura España abierta, y de modo que es menester cerrarla, o qué cerimonia es ésta?”¹¹⁶, o que provoca a desesperación de don Quijote co seu escudeiro.

Tamén se refire, utilizando a lira, frei Luís de León ao apóstolo Santiago como defensor das hostes cristiás nos seus enfrontamentos cos exércitos sarracenos na súa oda XX titulada *A Santiago*: “Siempre venció tu espada, / o fuese de tu mano poderosa, / o fuese meneada / de aquella generosa / que sigue tu milicia religiosa”¹¹⁷.

Pola súa banda, Francisco de Quevedo y Villegas, cabaleiro da Orde de Santiago, fai unha afervoadada defensa do padroado único do Apóstolo en España, no seu *Memorial por el Patronato de Santiago* e négalles ao monarca e mais ás Cortes do Reino o poder para nomear outro patrón, xa que afirma que nin “el Reyno, ni sus Procuradores no dieron el Patronazgo a Santiago, antes Santiago dio a vos el Reyno, quitándolo con la espada a los Moros, a quien le dieron los pecados de aquel Rey que mereció tal castigo. Pues cómo, Señor, quitará, o limitará, o disminuirá el Reyno a Santiago lo que le dio y le deue, lo que es suyo por expresa voluntad de Cristo. ¿Cómo puede el Reyno, que es patrimonio de Santiago, diuidirse con otra persona? Son las Españas bienes castrenses, ganados en la guerra por Santiago, y las leyes que amparan en ellos a cualquier soldado particular, perderán su fuerza en este general, y caudillo, a quien nos deuemos todos por compra, a quien somos deudores de la libertad, y la Fé de lo humano y, de lo divino. Vos, Señor, le deueis las coronas que ya ceñís multiplicadas. Los Procuradores de Cortes, el Reyno en que son Tribunal. Los Templos, no ser mezquitas. Las ciudades, no ser abominación. La República y santo Gobierno, no ser tiranía. Las almas, no ser mahometanas ni idólatras. Las vidas, no ser esclavas”¹¹⁸.

Así e todo, unha gran muller, galega e galeguista coma o que máis, defendeu tamén a imaxe do Santiago matamouros ao que lle cantou nun dos seus poemas do libro *En las orillas del Sar*, que fixo en castelán: “Volví entonces el rostro, estremecida, / hacia donde atrevida se destaca / del Cebedeo la celeste imagen, / como el alma del mártir, blanca y bella, / y vencedora en su caballo airoso, / que galopando en triunfo rasga el aire”¹¹⁹.

Esta imaxe guerreira do Santiago matamouros fixo que o Apóstolo fose considerado como protector dos cristiáns na súa loita contra os musulmáns na Reconquista e a súa Igrexa beneficiada co Voto de Santiago que encheu as súas arcas, aínda que a súa axuda non sempre foi suficiente contra estes inimigos, xa que ás veces, consonte nos di con retranca a copla popular: “Vinieron los sarracenos / y nos molieron a palos, / que Dios ayuda a los malos / cuando son más que los buenos”.

116. *Ibidem*.

117. LEÓN, F. L. DE: “A Santiago”, en ALCINA, J. F. (ed.): *Fray Luis de León. Poesía*, Madrid, 1997, p. 175.

118. Tomado de GARCÍA IGLESIAS, J. M. (dir.): *Camino...*, op. cit., p. 174.

119. CASTRO, R. DE: “Santa Escolástica”, en *En las orillas del Sar*, Librodot.com, p. 52.

Huidobro y Serna asegura que “o número destas imaxes do Santiago matamouros é indiscutiblemente maior, mesmo en Galicia, que o das de Santiago pobre e peregrino”¹²⁰. De igual xeito, aínda que en menor cantidade, aparecen estas imaxes do matamouros en Portugal, porque alí foi invocado tamén, consonte vimos antes en Coimbra, como protector do seu exército contra os sarracenos.

Sen cabalo pero como soldado que brande a espada coa man dereita contra o Demo para recuperar a alma dun dos seus peregrinos foi representado tamén no xa citado milagre de Xiraldo do *Códice Calixtino*¹²¹ e nunha das *Cantigas de Santa María*¹²², que é ilustrada por unha fermosa miniatura na edición orixinal do século XIII.



Miniaturas das *Cantigas de Santa María* e o *Liber Consortii Sancti Iacobi apostoli de Galitia*

Así e todo, a figura de Santiago dacabalo non sempre aparece relacionada coa imaxe belicosa. O propio *Códice Calixtino* conta nun dos milagres realizados por Santiago que no ano 1080 da Reencarnación do Señor un grupo de trinta cabaleiros decidiu peregrinar desde Lorena a Compostela e prometéronse, todos menos un, axuda mutua no Camiño. Un deles, aflixido pola enfermidade en Gascuña, foi levado polos seus compañeiros ata Cize, onde o abandonaron porque xa lles resultaba unha carga demasiado pesada. Só quedou con el o que non se comprometera a nada. Este bo peregrino cargou co seu compañeiro ata o cume do monte e esa mesma noite o enfermo morreu. O peregrino invocou a protección de Santiago e este chegou onda eles dacabalo. O Apóstolo montou os dous peregrinos na súa cabalgadura e levounos nunha soa noite ata o Monte do Gozo e díxolle ao seu peregrino que falase cos cóengos da catedral para que lle desen sepultura ao seu compañeiro morto, que volvесе a súa casa e que cando no Camiño se encontrase

120. HUIDOBRO Y SENRA, L.: *Las peregrinaciones jacobas*, t. I, Bilbao, 1999, p. 288.

121. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice..., op. cit.*, Libro II, capítulo XVII, p. 363-366.

122. METTMANN, W. (ed.): *Cantigas...*, p. 176-179.

cos seus traidores compañeiros lles dixese que a súa peregrinación xa non lle agradaba ao santo cuxos restos ían venerar en Compostela e que terían que confesarse e arrepentirse para poder continuar a súa viaxe piadosa. Despois de confesar e cumprir a penitencia que lles impuxo o bispo de León, foron xa arrepentidos a Santiago¹²³. A representación deste milagre está recollida nunha miniatura do *Liber Consortii Sancti Iacobi apostoli de Galitia*, do ano 1399, conservado na Biblioteca Palatina de Parma.

Pola súa parte, Federico García Lorca, co gallo da celebración da festa do Apóstolo, o vinte e cinco de xullo de 1918, escribiu o seu poema *Santiago. Balada ingenua*, talvez inspirado neste milagre do *Códice Calixtino*, no que describe a súa figura dacabalo, sucando o Ceo, pero non como matamouros, senón máis ben como peregrino celeste: “Esta noite ha pasado Santiago / su camino de luz en el cielo. / Lo comentan los niños jugando / con el agua de un cauce sereno. // ¿Dónde va el peregrino celeste / por el claro, infinito sendero? / Va a la aurora que brilla en el fondo / en caballo blanco como el hielo. // [...] // Ella vio en una noche lejana / como ésta, sin ruidos ni vientos, / al apóstol Santiago en persona, / peregrino en la tierra del cielo. // –Y comadre, ¿cómo iba vestido? / le preguntan dos voces a un tiempo. // –Con bordón de esmeraldas y perlas / y una túnica de terciopelo. // [...] // Era dulce el Apóstol divino, / más aún que la luna de enero. / A su paso dejó por la senda / un olor de azucena y de incienso”¹²⁴.

Por outra banda, no Parlamento de Galicia, á esquerda da porta de entrada, hai unha imaxe pétrea cun marcado hieratismo de Santiago barbado, dacabalo, sentado coma se estivese no trono celeste, con túnica e esclavina de peregrino adornada con dúas cunchas de vieira, coa auréola da santidad na cabeza e bendicindo coa man dereita, que é unha síntese das tres figuras de Santiago, a galega en maxestade, a europea de peregrino e a española dacabalo.



Imaxe de Santiago no Parlamento de Galicia

123. LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice...*, op. cit., Libro II, capítulo IV, p. 344 e 345.

124. Tomado de GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *Camino...*, op. cit., p. 59.

4. IMAXES DO NOSO PADROEIRO NA VILA DE PONTEDEUME

Os tres modelos iconográficos de Santiago dos que falaba Castelao foron tamén plasmados na vila de Pontedeume. A representación galega do Apóstolo en maxestade está esplendidamente esculpida en pedra no corpo central do retablo do altar maior da igrexa parroquial e no cruceiro da praciña das Angustias, e finamente labrada en madeira no lado do Evanxeo do retablo do altar maior da capela das Virtudes. O modelo europeo de peregrino aparece na igrexa parroquial, na nave do Evanxeo, no ático do retablo do Sagrado Corazón de Xesús. Pola súa parte, a imaxe española de Santiago matamouros foi mandada gravar en relevo polo arcebispo Bartolomé Rajoy (1751-1772) na fachada da igrexa parroquial eumesa cuxa reedificación patrocinou e pode verse tamén no magnífico conxunto escultórico procesional realizado segundo o modelo que evoca a mítica batalla de Clavijo e se garda, case clandestinamente, na entrada deste templo, no lado do Evanxeo.

Fóra da vila, pero no Concello de Pontedeume, hai unha valiosa talla en madeira de Santiago peregrino no altar maior da igrexa parroquial de Boebre, e nos fustes pétreos dos cruceiros do Muíño, na parroquia de Santa María de Centroña, e do Falucho, no Camiño de Breamo, na antiga casa do noso lembrado Tito Ríos, aparece tamén labrada esta imaxe do Apóstolo co Libro e o bordón coa cabaza. Nos cruceiros chantados nos adros parroquiais de Santiago de Boebre e de Santa María de Centroña, están así mesmo esculpidas en maxestade, no fuste, dúas representacións do Apóstolo sedente no trono celestial. Ademais, a nave do Evanxeo da igrexa parroquial de Santiago de Boebre alberga, exento, un sinxelo conxunto procesional de Santiago cabaleiro brandindo a súa espada vencedora contra os mouros infieis e o lábaro do exército cristián do rei Ramiro I (842-850) ao que socorreu na batalla de Clavijo.

a) A “galega” de Santiago sedente e en maxestade

Ademais da imaxe de Santiago sedente e en maxestade do cruceiro das Angustias, xa estudada polo miúdo noutro traballo¹²⁵, hai nos retablos dos dous altares maiores das igrexas da vila senllas representacións do Apóstolo destas características; unha pétrea no templo parroquial e outra en madeira na capela das Virtudes.

Na encrucillada da praciña das Angustias, en pleno Camiño Inglés a Compostela ao seu paso pola vila, está chantado desde 1950 o cruceiro das Angustias, que aloxa no seu reverso, na cruz que non no fuste como era habitual, a figura sedente e en maxestade do apóstolo Santiago, debaixo da Piedade con Cristo no seu colo.

A imaxe de Santiago, sentado no trono da gloria, parece facer de atlante da Virxe das Angustias que acolle o seu Fillo e Redentor do mundo no regazo. O corpo do Apóstolo

125. FONTE SARDIÑA, J.: *Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume*, “Cátedra”, 18, Pontedeume, 2011, p. 7-44, especialmente p. 30-32.



Santiago sedente e en maxestade no cruceiro das Angustias

está labrado con moito menos detalle que o seu rostro. Porta sobre os ombreiros unha especie de capa ou esclavina. Na súa man dereita, na que apenas se distinguen os dedos, sostén o filacterio enrolado, que leva escrita a mensaxe evanxélica que ten que transmitir, e apoia a súa esquerda, tamén pouco traballada polo cicel do canteiro pontevedrés Daniel Pazos e desgastada polas inclemencias do tempo, no bordón en forma de tau que descansa sobre a cabeza dun anxo que lle fai de atlante. Así e todo, o canteiro puxo maior esmero ao esculpir o rostro de Santiago, que mostra unha media melena que non lle chega aos ombreiros, unha barba moi ben coidada e recortada, o nariz lixeiramente afiado, os beizos carnosos e a mirada serena e apracible, porque goza xa da gloria eterna por mor do seu martirio pola espada. As figuras da Piedade con Cristo morto, que aparecen no reverso, e de Xesús encravado, san Pedro e san Xoán, que se atopan no anverso, así como as cabezas dos anxos alados e o escudo de Pontedeume que se gravou no fuste mostran a boa man e a habelencia co cicel do canteiro Daniel Pazos.

O retablo maior da igrexa parroquial está presidido por unha imaxe de pedra, con restos de policromía no rostro e na túnica, que representa a Santiago sedente no trono da gloria, co báculo en forma de tau, adornado e asemade protexido polo *panissellus*, na man dereita e, na esquerda, un filacterio que recolle o nome de S. YACOCO, sinalado polo seu ríxido dedo índice. O seu rostro preséntase sereno, con roibas meixelas que o fan aínda máis apracible, a barba con crechos pero moi ben coidada e o cabelo teso, con raia ao medio, que deixa ver as súas orellas e lle chega case aos ombreiros. Viste unha túnica con amplos pregamentos, de colo redondo e con restos de policromía, na que se albiscan os tons verdes, que non lle chega a cubrir os pés espidos, símbolo da pobreza e humildade coa que Cristo os mandou a predicar.

Esta peza, de mediados do século XIV, garda unha gran semellanza coas imaxes pétreas de Santiago sedente e en maxestade máis ou menos contemporáneas de Ribadavia, Pontevedra, A Pobra do Deán ou Sigrás, e está como elas inspirada no Santiago que comparte espazo con Pedro, Paulo e Xoán nas xambas da esquerda do Pórtico da Gloria da catedral compostelá e no parteluz do propio pórtico. Así e todo, o Santiago pétreo de Pontedeume e os seus compañeiros xa citados presentan unha maior rixidez e hieratismo que as figuras do Pórtico da Gloria, malia seren bastante posteriores ás marabillas realizadas polo Mestre Mateo na apostólica e metropolitana catedral.

No informe da súa visita a Pontedeume o once de xuño de 1611, o visitador diocesano Jerónimo del Hoyo constata que se achegou ao altar maior “y le allo adornado y compuesto con frontal de damasco y por ençima sus manteles y una custodia de talla con Retablo de pincel y en medio la imagen del glorioso Apostol Santiago de talla grande y en el plano de delante una imagen de nuestra ss^a bestida con una gorguera verde”¹²⁶.

Nun documento datado o dezanove de marzo de 1684, conservado no Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña referido a Pontedeume e exhumado pola investigadora Lucía Costas Fernández, o historiador De Castro Álvarez constatou que o Concello de

126. Pode verse en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 144.

Pontedeume realizou unha poxa para adxudicar a obra de restauración e composición das pinturas do ciclo mariano incorporadas ao retablo maior da igrexa parroquial, no que, entre outras condicións, se dicía: “Hase de dorar y pintar el santo apostol al olio y estofado, y lo mismo la caja y nicho”¹²⁷. A obra adxudicóuselle ao pintor coruñés Juan Sánchez de Boado, por un importe de tres mil douscentos reais de vellón e o contrato foi asinado o vinte de marzo dese mesmo ano; así e todo, Juan Sánchez de Boado cedelle un día máis tarde a realización do traballo ao pintor betanceiro Antonio Martínez de Segade, co que o Concello de Pontedeume asinou un novo contrato polos mesmos tres mil douscentos reais de vellón¹²⁸.

Anos máis tarde, segundo afirman De Castro Álvarez e Vázquez Arias, “nas contas de 1732-1734 consta que se pagaron trinta reais por arroibar o rostro e mais as mans” desta imaxe pétreo de Santiago¹²⁹.

Non se sabe con certeza o momento no que foi retirada do retablo maior esta imaxe. Ao meu ver, o máis probable é que fose soterrada na capela maior contra 1758, ano no que, consonte consta no sepulcro de Fernando de Andrade e Pérez das Mariñas, foron trasladados os despojos do conde á nave do Evanxeo da devandita capela maior. Na inscrición gravada no tímpano do arco que acolle o sartego di: AQVI IACE / EL EXMO S. D. FERNANDO / DE ANDRADE. CONDE DE VILLALBA / S. DE PVNTEDHEVME Y FEROL QVE FVE ENTERA / DO EN VN PANTEON DENTRO DE LA CAPI LLA MR. / DE ESTA YGLERIA EN XI DE OTVBRE DE 1540 Y SE / TRASLADARON SVS HVESOS EN ESTE NICHU / EN 28 DE FEBRERO DEL ANO DE 1758. En 1763 remataron as obras de reedificación do templo, pero o tabernáculo, presidido por unha nova imaxe en madeira do apóstolo Santiago como peregrino, debeuse levantar en 1758, xa que o Santísimo Sacramento, que por mor das obras fora trasladado provisionalmente



Imaxe pétreo de Santiago sedente do altar maior do templo parroquial de Pontedeume

127. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura...*, op. cit., p. 79.

128. *Idem*, p. 79-86.

129. Tomado e traducido de CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ÁRIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 54.

o vinte e dous de xaneiro de 1756 á capela de San Roque, situada na actual praza do mesmo nome, coñecida tamén pola Calzada, regresou á capela maior de Santiago de Pontedeume o dezasete de febreiro de 1758.

A vella imaxe pétreo de Santiago sedente e en maxestade foi exhumada nos traballos de remodelación do presbiterio en 1961, que supuxeron a desaparición do tabernáculo, e seis anos máis tarde, en 1967, colocada enriba do sagrario, presidindo o altar maior, onde hoxe permanece.

Pola súa parte, na capela das Virtudes, situada tamén na parroquia de Santiago de Pontedeume, o seu retablo maior¹³⁰, de finais do século XVII ou principios do XVIII, acolle na fornela central do lado do Evanxeo deste espléndido moble barroco unha pequena imaxe, probablemente labrada por esas mesmas datas, pouco coñecida e un aquel desproporcionada, pero moi interesante desde o punto de vista iconográfico, de Santiago sedente e en maxestade.

O seu rostro barbado, sen a auréola que simboliza a santidad, presenta un peiteado que lle divide pola metade os longos cabelos que lle chegan aos ombreiros e deixa asomar con claridade a orella esquerda, mentres que a dereita está tapada polo bordón que sostén coa man destra. A súa faciana mostra unha grande expresividade nos seus enormes ollos abertos e serenos, que contrasta co hieratismo do resto da talla. A barba aparece recortada e ben coidada e deixa ver un carnoso beizo inferior que lle proporciona viveza e mesmo tenrura á súa expresión. A policromía de toda a cabeza está moi ben coidada e conservada e contribúe á sensación de realismo que transmite o seu rostro.

O Apóstolo viste unha túnica verdosa, sen moitos pregamentos, aberta polo peito e leva tamén enriba dela unha esclavina das mesmas tonalidades que lle cobre os ombreiros, atada no colo por un fino cordón. Aparece sentado no trono celestial, aínda que a rixidez da figura non deixa percibir os xeonllos dobrados propios desta postura. Uns rudos e grandes zapatos escuros, moi pouco traballados polo autor da talla, asoman por debaixo da túnica e tapan uns pés bastante desproporcionados.

As mans son enormes e desproporcionadas, como os pés, e tan rudimentariamente executadas que non parecen labradas pola mesma gubia que se encargou de realizar o rostro. Coa esquerda, suxeita o filacterio, que levaría impresas as Sagradas Escrituras, que mostran o modelo de vida que teñen que seguir os que queiran alcanzar o reino celestial, ou o nome que identifica o santo Apóstolo ao que cómpre imitar para lograr a salvación e que sinala co seu índice. Os rixidos dedos da dereita sosteñen un orixinal bordón vermello que ten a forma da cruz espataria da Orde de Cabaleiros de Santiago, que tamén levan bordada os cóngos do Cabido catedralicio compostelán, e representa, por unha banda, a cruz salvadora de Cristo Redentor e, pola outra, a espada do martirio de Santiago que o fixo merecente do trono de Gloria que ocupa na talla. A Orde de Santiago tiña encomendada a

130. Dous magníficos estudos do retablo maior da capela das Virtudes poden verse en CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ÁRIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 16; e LÓPEZ CALVO, X. A.: *O retablo maior da igrexa das Virtudes de Pontedeume: Funcións e programa iconográfico*, "Cátedra", 14, Pontedeume, 2007, p. 155-167.



Imaxe en madeira de Santiago en maxestade no altar maior da capela das Virtudes

defensa dos peregrinos a Compostela, mesmo coa espada se fose preciso, e exercía con eles as virtudes da caridade e a hospitalidade que caracterizan os Camiños Xacobeos.

Por outra banda, esta cruz vermella con forma de espada aparece tamén gravada no chan da nave central do templo parroquial de Santiago de Pontedeume, á altura do cruceiro.

b) A “europea” de Santiago peregrino

Como xa se dixo, o tabernáculo que acolleu esta talla eumesa de Santiago peregrino debeuse levantar contra o 1758 e as obras puideron comezar dous anos antes, no 1756, cando fora trasladado o Santísimo Sacramento á capela de San Roque. O dezasete de febreiro de 1758 xa debía estar listo o tabernáculo pois foi o día que en regresou á capela maior da igrexa parroquial Xesús Sacramentado.

O visitador da arquidiocese, don Juan Varela Fondevila y Vereá, no informe da súa visita á parroquia de Pontedeume o catro de agosto de 1771, manda que “se haga custodia areglada a la mesa de Altar con Tabernaculo que suba hasta la segunda cornisa, y que sobresalga de modo que quede descubierta la Ymagen del Santo Apostol que esta en medio; que esta se retoque y las dos de los lados de Sn. Pedro y Sn. Pablo”¹³¹.


Finalmente, outro documento do Arquivo de Protocolos Notariais da Coruña referido a Pontedeume, datado o vinte e sete de decembro de 1799, constata unha intervención no tabernáculo da igrexa parroquial de Santiago de Pontedeume, realizada polo pintor eumés Bernabé Prieto Solís, na que se contemplaba que “el sobredicho lo ha de practicar con oro de la mexor calidad que se encuentre a satisfacion de persona yntelixente que dho Sr Rector quiera nombrar al efecto, comprehendiendose en el motivado Dorado la imagen del Apostol Santiago estofado”¹³².

O ático do retablo do Sagrado Corazón de Xesús, situado na nave do Evanxeo da igrexa parroquial, alberga desde o ano 1969 en que foi retirado o tabernáculo do altar maior coas súas imaxes, esta talla de Santiago peregrino. Porta na súa man dereita o bordón coa cabaza que lle excede con moito a cabeza e no que semella apoiarse, e na esquerda, o Libro que lle corresponde á súa condición apostólica, que lle encomendaba a misión de predicar o Evanxeo. O Apóstolo preséntase nimbado, coa esclavina verde de peregrino decorada con cunchas de vieira, capa vermella e túnica parda con amplos pregamentos. O pé dereito está oculto e o esquerdo, espido, aparece pousado sobre unha pedra e mostra o xeonllo desa perna zurda, lixeiramente dobrado, coma se estivese camiñando. O seu rostro barbado reflicte serenidade e paz espiritual, a dun home que acadou o premio da salvación por mor do seu martirio, e mira confiado ao infinito. Un anxo a cadanseu lado, repoludos, con grandes ás, espidos e sentados sobre senllas cunchas de vieira, acompañano desde o Ceo.

131. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ÁRIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 176.

132. *Idem*, p. 192.

O lugar do actual retablo do Sagrado Corazón de Xesús estaba ocupado, consonte o informe da súa visita a Pontedeume o catro de agosto de 1771, realizado por Juan Varela Fondevila, pola capela da Santísima Trindade “que es la quarta de la Nave al Lado del evangelio: es colatiba, y su Patrono dn. Bernardino Riobóo / vecino del Lugar de cavanias; Tiene dos misas rezadas cada semana que cumple dn. Antonio Lopez su capellan que certifico tenerlo ejecutado; está yndecente el Altar necesita retablo, y respecto se asentó que el Patrono avia comprado a la congregacion del clero uno que alli estaba arrimado, y tenia ajustado su colocacion con Gabriel da Veiga carpintero; Mandó su Iltma. que ymmediatamente se hiciesse, pintando dicho retablo, y adornase de lo necesario con tablilla espresiba de las misas. no tiene hornatos suplenlos de la fabrica por que paga su situado. fué visitado el titº del caprrm”¹³³.



Retablo do Sagrado Corazón de Xesús e imaxe do Santiago peregrino do ático

Consonte afirman De Castro Álvarez e Vázquez Arias, o retablo “primeiramente estivo pintado de branco con reberetes dourados. A policromía actual, imitando mármores verdosos para os fondos e pardos para os encadres, é de 1969 [cando se trasladou ao seu ático esta imaxe de Santiago peregrino que estaba no tabernáculo] e foi obra, segundo nos informou don Pedro, de Andrei, pintor de Santiago”¹³⁴.

Desde 1969 acompañan a imaxe de Santiago as tallas do Sagrado Corazón de Xesús, no fornelo central, a do Sagrado Corazón de María, no lado da Epístola, e a do copatrono da vila, San Nicolás de Tolentino, no do Evanxeo.

133. *Idem*, p. 177.

134. *Idem*, p. 89.

c) A “española” de Santiago matamouros

Na vila de Pontedeume temos dúas imaxes de Santiago dacabalo, representado como *miles Christi*, cabaleiro ou matamouros, que se dispoñen no templo parroquial. Na monumental fachada aparece debaixo das torres esta figura do Apóstolo en relevo e na porta de entrada do lado do Evanxeo, que sempre permanece pechada, o fermoso malia que politicamente incorrecto paso procesional do século XVIII, realizado segundo os modelos do mestre José Gambino, ao que en 1771 se lle encargara o paso procesional do Nazareno que sae en Semana Santa e hoxe tamén se atopa, exento, no lado do Evanxeo do templo parroquial, entre os retablos da Virxe das Neves e o Cristo de Ánimas. Segundo o *Libro da Confraría das Dores*, folio 75, gardado no Arquivo parroquial de Santiago de Pontedeume, a directiva ordénalle o seis de xuño de 1771 a Gaspar Maldonado que lle encomende ao mestre compostelán José Gambino a execución deste paso procesional do Nazareno xa que “ofrece hazerlo con todas las figuras, Andas, juegos, y encarnaciones en dos mill y trescientos rreales acordaron lo encargue, y haga que se traiga con la mayor brevedad”¹³⁵. O mesmo *Libro da Confraría das Dores*, folio 79, constata o día dous de novembro de 1771 que “el Sr. Dn Thomás Moreira Canonigo de Santiago, y hermano de esta Congregacion a cuia disposicion se halla encargado el Passo del Nazareno segun lo tiene expuesto antes de aora el Sr. Prior a quien se cometio escribio al dia de oy al presente ssrio. estaban a cabar las efigies, y figuras de dho Passo, y que por ello ya tenía entregado al maestro Gambino que lo haze un mill, y doscientos reales”¹³⁶.

Cando se realizou a reedificación do templo parroquial de Santiago de Pontedeume, por mandato e patrocinio do prelado de Santiago de Compostela, o eumés Bartolomé Rajoy (1751-1772), segundo consta nun documento de vinte e un de setembro de 1761, gardado no Arquivo Histórico de Protocolos Notariais da Coruña, o que era daquela párroco eumés, don Tomás Moreira y Montenegro, por orde do arcebispo, contrátalle ao mestre canteiro Alberto Ricoy “la echura y fabrica de una torre alta y dos torrecillas, que se han de hacer y fabricar encima de la ultima Cornixa o chapitel que se alla en el frontis y fachada de la Yglesia Parroquial de esta dha villa, la qual de prosimo se yzo y fabricó, a Cimentis a costa y expensas del nominado Ylmo. ssor. a excepción de la Capilla mayor de ella, aunque el suelo de esta se Lossó y perfeccionó, y reedificaron sus cimientos y retablo a su misma costa, de la forma que al presente se alla [...]. Y para los remates de las tres tanvien dar las bolas de cobre, el mandar abrir el hexcudo de las Armas de su ex.^a la exma. ssra. Condesa de Lemos y de Andrade, Dueña de estos hestados, sobre la Puerta principal de la referida Yglesia en las piedras que alli quedaron destinadas para ellas; y lo mismo la Ymagen de el Apostol Santiago a Cavallo devaxo de la Cornisa de la citada torre alta figura de medio Relieve”¹³⁷.

135. *Idem*, p. 113.

136. *Idem*, p. 188.

137. *Idem*, p. 156 e 157.

Conta unha lenda que as torres simbolizan as tres cruces do Calvario¹³⁸, con Cristo na central; Dimas, o bo ladrón, á dereita; e Xestas, o malfeitor, á esquerda; e que por iso a torre esquerda, que simboliza o mal, está un pouco inclinada¹³⁹.

A imaxe en relevo de Santiago dacabalo que se aloxa na fachada debaixo da torre central do templo parroquial foi, moi probablemente, realizada polo mesmo mestre canteiro que se encargou da execución das torres, Alberto Ricoy, pola cantidade de oitenta mil reais de vellón. Estas obras terían que estar rematadas en dezaoitos meses, a contar desde o vinte e un de setembro de 1761, data da realización do contrato. A cuarta condición que figuraba no contrato dicía que “toda hesta obra ha de principiar ha hacer ymediatamente donde la echa ynconcluyda a reglandose en un todo a la citada planta o mapa sin de ella faltar punto alguno, dentro de año y medio contando desde oy dia de la fecha, sin hescusa alguna, pena de pagar todos los daños, atrasos, perxuicios, costas y gastos que por su omisión se causaren”¹⁴⁰.

Así e todo, malia que as obras non concluíran, o arcebispo Rajoy (1751-1772) consagrou a igrexa o día sete de setembro de 1761, consonte consta na caixa de chumbo colocada no centro do altar maior: “Anno Domini millessimo septingentesimo sexagesimo primo die de septima mensis Septembris: Ego Dominus Bartolomaes a Rajoy et Lossada, Dei, et Apostolicae Sedis gratia Archiepiscopus, et Dominus Compostellanus, Catholici Regis maior Capellanus, suaque Regiae Capellae [...] baptizatusque in hac Parochialis Ecclesia Sancti Iacobi vulgo de Punte de Heume eiusdem Dioecesis Compostellanae meis reedificata sumptibus, consecravi eam et Altare hoc in honorem Sancti Iacobi maioris dicte...”¹⁴¹, que podería traducirse como: “No sétimo día do mes de setembro do Ano do Señor de 1761: eu, don Bartolomé Rajoy y Lossada, arcebispo e señor da apostólica sé compostelá, pola graza de Deus, e capelán maior do rei católico e da súa real capela [...] e bautizado nesta igrexa parroquial chamada de Santiago de Pontedeume, así mesmo da diocese compostelá, reedificada á miña costa, consagrei esta e mais o altar na honra de Santiago, chamado o Maior”. Tamén se depositaron reliquias dos santos mártires Constancio de Perugia, Fortunato, Gaudencio e Modestino, e se lles concederon corenta días de indulxencia aos que visitasen a igrexa nese aniversario. No seu sermón, posto en oitavas polo cura de Fruíme don Diego Zernadas y Castro, o prelado eumés dicía: “¿Quién te diría, amada Patria mía, / quando de tí salí, solo Estudiante, / que

138. Así o refire con mestría Ramiro Fonte cando describe o regreso da procesión do Santo Encontro ao templo parroquial: “Ritmo de palitroques. Os monagos arrastran dous longos ríos de xente ben medrados. Soben pola rúa Real, acompañando as imaxes. O Paso volve soar como unha música de réquiem. Hai quen verá nas torres da nosa igrexa as tres cruces chantadas nun espido outeiroño de Xerusalén. Maldito Poncio Pilatos”; cfr. FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Vigo, 2003, p. 219.

139. No lado esquerdo das representacións adoitaban estar os elementos negativos e no destro aparecían os positivos, como o sangue sacramental e fonte de vida vertido por Cristo na cruz e recollido, consonte as lendas artúricas, no cáliz do Santo Graal, relacionado co milagre do Cebreiro e que se atopa tamén no escudo de Galicia. Nas cruces con Cristo encravado, o pé dereito sempre está enriba do esquerdo. Segundo Vicente Risco, “o lobo non pode comer máis que a metade esquerda das súas vítimas, que é do Demo, e deixa sempre a dereita, que é de Deus”; cfr. MARTÍNEZ RISCO, V.: *Etnografía*, t. III das Obras completas de Vicente Risco, Galaxia, Vigo, 1994, p. 54.

140. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, op. cit., p. 156.

141. *Idem*, p. 58.

me habias de ver en este dia / en una dignidad tan relevante? / La ambición mas audaz no llegaría / á pensar en fortuna tan distante: / mas la inmensa bondad de Dios alcanza / aun mucho mas allá de la esperanza. // ¿Quién te diría quando en mis niñeces / de este Templo en el Atrio travesaba, / y á su justo respeto algunas veces / con orgullo inocente no miraba, / que el alto Dios sobre estas pequeneças / su reedificacion premeditaba? / Nadie, sino el que bien cargo se hiciere / que hace con su poder Dios quanto quiere”¹⁴².



Escudo de Fernando de Andrade enriba do que se indica que foi en 1763 cando remataron estas obras

As obras da fachada deberon rematar no ano 1763, se facemos caso da inscrición gravada enriba do escudo de armas dos Andrade. Como certifican De Castro Álvarez e Vázquez Arias, as tres torres, o Santiago dacabalo e o escudo déixanse seducir, malia que discretamente, polas veleidades da maquillaxe barroca e son unha concesión obrigada ao padroeiro da parroquia e ao conde do Fernando de Andrade, oitavo señor da vila, que mandara facer a capela maior do templo, onde quixo quedar sepultado¹⁴³.

A imaxe en relevo de Santiago cabaleiro da fachada do templo parroquial está bastante deteriorada. O Apóstolo dacabalo viste o hábito de peregrino, cunha esclavina que lle cobre os ombreiros e está toucado cun típico sombreiro xacobeo adornado cunha cuncha de vieira. Vira o seu tronco cara á dereita e tamén fai así co seu rostro, de barba

142. Tomado de REGUEIRA, M.: *Semblanza e obra de catro poetas*, “Cátedra”, 8, Pontevedra, 2001, p. 92.

143. Cf. CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia...*, *op. cit.*, p. 63.

recortada e media melena, que semella mirar con ímpeto os seus inimigos que non aparecen na escena. Suxeita as bridas do cabalo coa man esquerda e levanta a dereita brandindo unha espada contra os inexistentes mouros. Parte das pernas do Apóstolo desapareceron por mor das inclemencias meteorolóxicas e o paso do tempo. O cabalo galopa brioso, coas patas traseiras fortemente fincadas no chan e as dianteiras, das que só conserva a esquerda, levemente flexionadas. A cara do animal está tamén moi deteriorada.



Santiago dacabalo na fachada da igrexa parroquial da que é padroeiro

Sobre o vello altar decorado profusamente con rocallas douradas e a cruz vermella de Santiago no centro, aparece o paso procesional coa imaxe central de Santiago matamouros. Montado nun branco corcel que levanta as súas patas dianteiras e lle machuca co corpo a cabeza a un infiel que fai de atlante e sostén do cabalo e o cabaleiro, está representado Santiago con barba recortada e media melena, que dirixe a súa impetuosa mirada cara á dereita. O Apóstolo, que acude en axuda das tropas de Ramiro I (842-850) na mítica batalla celebrada en Clavijo o vinte e tres de maio do ano 844, viste unha túnica gris azulada, debaixo da que asoman uns pantalóns vermellos que lle chegan aos xeonllos, e que cobre cunha esclavina escura, case negra, decorada con cunchas de vieira e reberetes dourados, e unha ampla capa vermella como o sangue derramado no seu martirio pola espada de Herodes, con xenerosos pregamentos. Calza botas negras de

soldado que non lle chegan ao pantalón e deixan espidas partes das súas pernas. Vai toucado cun sombreiro negro con reberetes dourados, tipicamente xacobeo, que leva no centro gravada unha cuncha de vieira tamén dourada. Porta na súa man esquerda o lábaro do exército cristián ao que socorre e, na súa destra, brande unha espada coa que derrota aos seus inimigos.

Aos seus pés aparecen, un á dereita e outro á esquerda, dous soldados sarracenos chimpados e derrotados no chan que case non son quen nin de soste os seus alfanxes nas súas mans destras e visten roupas propias da milicia, negras e vermellas, e botas negras. O terceiro mouro, que fai de atlante, viste unha túnica verde baixo a que asoman uns pantalóns vermellos, que lle tapan media

perna, e calza unhas botas negras. Ten a cabeza esmagada polo corpo do cabalo e o seu rostro é a viva imaxe da derrota. Finca a súa perna esquerda no chan para se soste e dobra vencido o xeonllo dereito. Coa man destra tenta parar inutilmente a arremetida do cabalo e coa esquerda apenas pode soste dereito o seu alfanxe.

O cabalo, esporeado polo Apóstolo, chanta con firmeza as súas fortes e musculosas patas traseiras no chan e levanta, vencedor, as dianteiras, esmagando o inimigo.

Este paso procesional está inspirado nos modelos coetáneos que Gambino realizou en pedra no pazo de Raxoi de Santiago e en madeira na catedral compostelá, aínda que presenta unha calidade algo inferior.

Desde o século XVIII, a festividade de Santiago apóstolo era celebrada en Pontedeume o vinte e cinco de xullo cunha misa solemne e a procesión arredor do adro deste pesado paso. Así é lembrado polo eumés Juan Filgueiras Fernández, cóengo do Cabido da catedral compostelá, que constata a pouca relevancia da festa de Santiago en



Paso procesional de Santiago matamouros na igrexa parroquial de Pontedeume

comparación coas patronais e asegura que “houbo moitos párrocos celosos que intentaron, nos nosos días, restaurar o esplendor da festa do padroeiro principal. Persoalmente, lembro como na nosa infancia se nos levaba a participar nas vésperas litúrxicas do patrón, así como, o día da festa, a asistencia á misa solemne e, deseguido, á procesión coa imaxe de Santiago dacabalo, representación da batalla de Clavijo. Curiosamente, o que chamaba a atención era admirar a fortaleza dos portadores desta imaxe, que, por ser moi pesada, eran considerados como auténticos heroes. Por iso, a procesión discorria só polo adro da igrexa”¹⁴⁴. Na actualidade, a procesión foi suprimida.

5. OUTRAS REPRESENTACIÓNS XACOBÉAS NA ICONOGRAFÍA EUMESA

Ademais das imaxes do apóstolo Santiago das que acabamos de falar, hai na vila de Pontedeume unha rica iconografía xacobeá, representada na Virxe Peregrina de pedra que se dispón no adro parroquial; a Virxe do Pilar do interior do templo que aparece no retablo de Santa Lucía; as cunchas de vieira que adornan a fachada parroquial e unha das ventás traseiras da capela das Virtudes; nas portas da igrexa principal, nas que atopamos, entre outros elementos, vieiras, bordóns, zurróns, o santo sepulcro e a luminaria que o anunciou, a espada do martirio ou a coroa de loureiro que representa a Santiago como triunfador sobre a morte polo seu sacrificio; na cruz vermella con forma de espada gravada no solo na nave central da igrexa; en santos taumatúrxicos aloxados no templo parroquial e relacionados co Camiño de Santiago, como Catarina, Lucía, Brais ou Ramón; en santos peregrinos e viaxeiros, como Roque, Francisco de Asís, Xosé ou Cristovo; en santos venerados, consonte afirma o *Códice Calixtino*, no Camiño Francés, como Nicolás de Bari ou Xoán o Bautista; e mesmo en compañeiros de Santiago no Colexio Apostólico, como o seu irmán Xoán o Evanxelista, Pedro ou Paulo, que escapan do obxectivo deste traballo pero teñen unha gran relación co noso padroeiro e a peregrinación xacobeá.

6. BIBLIOGRAFÍA

- ALBANI, N.: *Viaxe de Nápoles a Santiago de Galicia*, Santiago de Compostela, 2007.
- ALCINA, J. F. (ed.): *Fray Luis de León. Poesía*, Madrid, 1997.
- ARRIBAS BRIONES, P.: *Pícaros y picaresca en el Camino de Santiago*, Burgos, 1993.
- BALSA DE LA VEGA, R.: *El apóstol Santiago ante el arte*, “Boletín de la Real Academia Gallega”, 40, A Coruña, 1910, p. 83 e 84.
- CABANA YANES, D. X. (trad.): *As floriñas de san Francisco*, Santiago de Compostela, 2013.

144. Tomado e traducido de FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 33.

- CABANILLAS, R.: *Da terra asoballada*, primeira edición de 1917, A Coruña, 2001.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE: *Una nueva lectura de las pinturas del retablo mayor de la iglesia parroquial de Santiago de Pontedeume*, “Cátedra”, 17, Pontedeume, 2010, p. 71-86.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. DE e VÁZQUEZ ARIAS, J. C.: *La iglesia de Santiago de Pontedeume. Historia y patrimonio artístico*, A Coruña, 2003.
- CASTRO, R. DE: *Follas Novas*, primeira edición de 1880, A Coruña, 2001.
- CASTRO, R. DE: *En las orillas del Sar*, primeira edición 1884, Librodot.com.
- CORREA ARIAS, J. F. e SARMIENTO CALVO, F.: *A ponte do Ume II*, en “Cátedra”, 7, Pontedeume, 2000, p.7-44.
- CRESPO CAAMAÑO, C. (ed.): *Viaje a Poniente. Domenico Laffi Boloñés*, Santiago de Compostela, 1991.
- FALQUE REY, E. (ed.): *Historia Compostelana*, Madrid, 1994.
- FERNÁNDEZ LAGO, X. e GONZÁLEZ GARCÍA, X. A. (coord.): *O Novo Testamento*, Vigo, 1998.
- FILGUEIRAS FERNÁNDEZ, J.: “San Nicolás de Tolentino y Pontedeume”, en *San Nicolás de Tolentino. Co-patrono de la Villa de Pontedeume*, Pontedeume, 1997, p. 31-39.
- FONTE CRESPO, R.: *Os meus ollos*, Vigo, 2003.
- FONTE SARDIÑA, J.: *Os cruceiros coa imaxe do apóstolo Santiago no Concello de Pontedeume*, “Cátedra”, 18, Pontedeume, 2011, p. 7-44.
- FONTE SARDIÑA, J.: *Tradición xacobeá en Pontedeume, una vila medieval no Camiño Inglés cara a Santiago de Compostela*, “Cátedra”, 20, Pontedeume, 2013, p. 201-262.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *La pintura manierista en Galicia*, A Coruña, 1986.
- GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *Camino de Santiago, patrimonio mundial*, Santiago de Compostela, 2004.
- GARCÍA MERCADAL, J. (ed.): *Viajes extranjeros por España y Portugal*, Salamanca, t. III, 1999.
- HUIDOBRO Y SERNA, L.: *Las peregrinaciones jacobeanas*, Bilbao, 1999.
- LÓPEZ CALVO, A.: *Los hospitales para peregrinos del Camino Inglés a Santiago*, “Estudios Mindonienses”, 20, Ferrol, 2004, p. 729-771.
- LÓPEZ CALVO, A.: *O retablo maior da igrexa das Virtudes de Pontedeume: Funcións e programa iconográfico*, “Cátedra”, 14, Pontedeume, 2007, p. 155-167.
- LÓPEZ DÍAZ, X. (trad.): *O Códice Calixtino. O Codex Calixtinus en galego*, Santiago de Compostela, 2009.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, t. VII, Santiago de Compostela, 1905.
- MACÍAS, J. M. (trad.): *Santiago de la Vorágine. La leyenda dorada*, t. I, Alianza Editorial, Madrid, 1987.
- MARTÍNEZ RISCO, V.: *Etnografía*, t. III das Obras completas de Vicente Risco, Galaxia, Vigo, 1994.

- MENÉNDEZ PIDAL, R. (ed.): *Primera crónica general: Estoria de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289*, Madrid, 1906.
- METTMANN, W. (ed.): *Cantigas de Santa María. Alfonso X, o Sabio*, t. I, Vigo, 1981.
- NOVONEYRA, U.: *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, A Coruña, 1999.
- OTERO PEDRAYO, R.: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, A Coruña, 2004.
- OTERO TÚÑEZ, R.: *Rajoy, constructor*, “Cátedra”, 8, Pontedeume, 2001, p. 57-78.
- PRESAS BARROSA, C.: *Las Ofrendas Nacionales a Santiago Apóstol, Patrón de España (1949-2001)*, Santiago de Compostela, 2002.
- REGUEIRA, M.: *Semblanza e obra de catro poetas*, “Cátedra”, 8, Pontedeume, 2001, p. 79-99.
- RIQUER MORERA, M. DE (ed.): *Miguel de Cervantes. Don Quijote de la Mancha segunda parte*, primeira edición 1615, Barcelona, 1994.
- RIVERA PEDREDO, D. (ed.): *Álvaro Cunqueiro. 100 artigos*, A Coruña, 2001.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *Sempre en Galiza*, primeira edición 1944, t. II, A Coruña, 2001.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, A. D.: *As cruces de pedra na Galiza*, primeira edición 1950, Vigo, 1984.
- SANTOS OTERO, A. DE (ed.): *Los Evangelios Apócrifos*, Madrid, 2001.
- SINGUL LORENZO, F. (dir.): *Pellegrino e nuovo apostolo. San Francesco nel Cammino di Santiago*, Santiago de Compostela, 2013.